



Concello de Vimianzo

MINUTA-BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE VIMIANZO DE DATA 01/08/2015

Na vila de Vimianzo, ás once horas do día un de agosto de dous mil quince, na sala de sesións da casa do Concello, constitúese en primeira convocatoria o Pleno do Concello ao obxecto de levar a cabo a sesión ordinaria convocada para este día.

Asisten os seguintes membros:
D. Manuel Antelo Pazos, alcalde
D. Fernando Mancebo Amigo
D.^a María José Ramos Rey
D. José Trillo Lema
D.^a Marta Rey Lema
D. José Antonio Vidal Mira
D.^a María Éliada Pequeño Lorenzo
D.^a Mónica Rodríguez Ordoñez
D. Mario Andújar Mouzo
D. José Manuel Rodríguez Blanco
D.^a Raquel Rodríguez Amigo
D.^a Paula Mouzo Maceiras

Ausentes:

D. Anselmo Ramos Martínez

Secretaría: D.^a María Cristina Varela García
Interventor acctal.: D. José Domingo Rodríguez Ferreira

Con carácter previo, o alcalde desculpa a ausencia do concelleiro do BNG Sr. Ramos Martínez, pois hoxe en Santa Comba hai unha concentración en defensa do sector lácteo e alí está, dada a súa condición de gandeiro e apoiando tamén ao sector no municipio.

Por outra banda, anuncia que antes de pasar á sección de control, vaise incluír pola vía de urxencia un punto na orde do día, que ten que ver con unha modificación orzamentaria.

De seguido comézase coa deliberación dos asuntos da Orde do Día.

1. Aprobación das actas da sesión constitutiva celebrada o 13 de xuño de 2015, da sesión organizativa celebrada o 22 de xuño de 2015, e da sesión extraordinaria celebrada o 7 de xullo de 2015.

En cumprimento do disposto no artigo 91.1 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Sr. alcalde pregunta se algún membro da Corporación ten que formular algunha observación ás citadas actas.

Ningún concelleiro/a formula observacións.

Quedan aprobadas as actas das sesións extraordinarias celebradas o 13 e 22 de xuño e 7 de xullo de 2015.

2. Solicitude de restablecemento do equilibrio económico da concesión da obra pública denominada Parque eólico O Barrigoso por parte de Enerxías Ambientales de Outes, S.A.

Dase conta da proposta da Alcaldía, de data 23 de xullo de 2015, que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo e Obras reunida o 28 de xullo de 2015, e que se transcribe literalmente:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: solicitude de restablecemento do equilibrio económico-financiero da concesión do Parque Eólico Singular O Barrigoso, por parte de EA OUTES, S.A.

Tendo en conta que por acordo plenario adoptado na sesión celebrada o 22 de febreiro de 2014 se aprobaron os pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas da concesión de obra pública para a concesión e explotación do Parque Eólico Singular O Barrigoso.

Tendo en conta que o contrato foi adxudicado a EYRA, S.A., e formalizado o 30 de xuño de 2004, coas seguintes condicións: canon fixo anual de 70.000 euros, con incremento do IPC interanual; canon variable anual do 6% da facturación anual do parque; e un prazo de duración de v20 anos dende a posta en funcionamento do parque.

Tendo en conta que o Pleno, na sesión do 22 de febreiro de 2012, autorizou a cesión do contrato a EA OUTES, S.A.

Vista a solicitude de EA OUTES, S.A. presentada o 5 de febreiro de 2015, de restablecemento do equilibrio económico-financiero da concesión, consistente nunha redución do canon fixo anual nun 50% a partes de 2014 ata a fin de vixencia da concesión; unha redución do canon variable do 6% actual ao 4% e unha ampliación do prazo de duración de 20 a 30 anos.

Visto o informe emitido o 6 de febreiro de 2015 polos profesores da Universidade da Coruña D. Carlos Aymerich Cano (profesor titular de Dereito Administrativo) e D. Guillermo Iglesias Gómez (profesor contratado Doutor en Economía Aplicada), presentado o 6 de abril de 2015 (RE 2723), que conclúe que, neste caso concreto, non cabe considerar que exista desequilibrio nin, por conseguinte, dereito a compensación algunha, e polo tanto o Concello de Vimianzo non está obrigado a restablecer o equilibrio económico-financiero do contrato de concesión de obras do PES O Barrigoso.

Visto o informe conxunto emitido pola secretaría e interventor accidental deste concello o 21 de xullo de 2015, en sentido desfavorable á solicitude presentada pola concesionaria, que conclúe que o Pleno debe denegar o restablecemento solicitado e manter a situación actual.

Tendo en conta que a competencia corresponde ao Pleno da Corporación, na súa condición de órgano de contratación.

Por todo o cal elévase ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa de Asuntos Xerais, seguinte proposta de acordo:

Primeiro.- Denegar a solicitude de restablecemento do equilibrio económico-financiero do contrato de concesión de obras do PES O Barrigoso solicitada pola concesionaria, EA OUTES S.A., polos motivos expostos nos informes citados, que serven de motivación ao presente acordo.

Segundo.- Notifíquese o presente acordo aos interesados, con indicación dos recursos que procedan.

Vimianzo, a 23 de xullo de 2015

O alcalde

Manuel Antelo Pazos"



Consta no expediente informe emitido o 6 de febreiro de 2015 polos profesores da Universidade da Coruña Sres. Aymerich Cano (profesor titular de Dereito Administrativo) e Iglesias Gómez (profesor contratado e doutor en Economía Aplicada), con RE 2723/15, que se transcribe integramente:

“INFORME ACERCA DO IMPACTO DO NOVO MARCO REGULATORIO DA PRODUCCIÓN DE ENERXÍAS RENOVÁBEIS NO CONTRATO DE CONCESIÓN DE OBRA PÚBLICA DO PARQUE EÓLICO SINGULAR “O BARRIGOSO” (CONCELLO DE VIMIANZO)

O Concello de Vimianzo, titular do PES “O Barrigoso” xestionado en virtude dun contrato de concesión de obra pública formalizado o 30 de xuño de 2004 por unha empresa privada, solicita informe acerca de se o cambio do marco regulador da produción de enerxías renovábeis obríga a restabelecer o equilibrio económico-financieiro da concesión e, en relación con iso, de ser o caso, cal sería o alcance desa actuación de reequilibrio e, por último, que alternativas se lle presentan ao Concello para a xestión do parque eólico.

I. ESTÁ OBRIGADO O CONCELLO DE VIMIANZO A RESTABELECER O EQUILIBRIO ECONÓMICO-FINANCEIRO DO PES “O BARRIGOSO”?

1. Cambio do marco regulatorio

Non se discute que desde a formalización do contrato (30/06/2004) e a posta en servizo do parque (11/07/2005), o marco regulatorio das enerxías renovábeis e, en particular, o da enerxía eólica experimentou un cambio importante. Con efecto, pasouse dun réxime no que a produción de enerxía eólica estaba fortemente primado – o regulado, en desenvolvemento da Lei do Sector Eléctrico (doravante LES) de 1997 polo RD 436/2004 – a outro no cal, tras sucesivas alteracións, a garantía dun rendimento razoábel para os investidores asegúrase a través dun apoio público de natureza xurídica distinta e de cuantía inferior – o establecido polo RD 413/2014 e a OM IET 1045/2014 en desenvolvemento da nova LES de 2013.

Sen dúbida estas mudanzas normativas poden afectar á economía da concesión. Mais, para alén desa constatación, para que o concesionario teña dereito a que o Concello de Vimianzo restabeleza o equilibrio económico financieiro orixinal da concesión deben concorrer aínda outros requisitos que o concesionario debe probar cumpridamente:

- Que o desequilibrio económico, medido en relación cos cálculos iniciais realizados polo concesionario por medio do Plan Económico-Financieiro (PEF) incorporado na súa proposta, non obedece a falta de dilixencia pola súa parte.

- E, ademais, que o feito causante do desequilibrio poder subsumirse nalgún dos supostos enumerados no art. 248.2 TRLCAP, por ser esta a norma aplicábel á vista da data de celebración do contrato.

A seguir, examínanse de forma separada cada unha destas exixencias.

2. Sobre a dilixencia do concesionario. O denominado “risco regulatorio”

En principio, o contrato de concesión de obra pública execútase a risco e ventura do contratista. De feito, tal e como subliña a recente Directiva 2014/23/UE reguladora da adxudicación dos contratos de concesión, a existencia dun “*risco operativo substancial*” transferido ao concesionario é a principal nota caracterizadora destes contratos.

É por iso que a xurisprudencia é constante ao declarar que o restabelecemento do equilibrio económico do contrato non pode actuar como seguro de perdas para o concesionario: “*O mantemento do equilibrio económico da concesión non supón que haxa que desbotar o principio de risco e ventura do contratista, posto que unha cousa é mitigar ese desequilibrio e outra ben diferente desprazar á Administración o risco económico que é consubstancial á explotación do servizo. Non se trata, pois, nin de unha garantía de beneficio para o concesionario nin de un seguro que cubra as posibles perdas económicas por parte de aquel, mais dunha institución que pretende asegurar, desde a perspectiva da satisfacción do interese público, que se poida seguir a prestar o servizo nas condicións anormais sobrevindas (art. 129.4 RSCL)*” (STX de Cataluña, de 16 de xullo de 2008).

Na análise da dilixencia do concesionario (ou, se se prefire, no exame de se as circunstancias novas que alteran o equilibrio inicial da concesión deben ou non ser soportadas por el en tanto que consecuencia do risco asumido coa celebración do contrato) é preciso determinar se as alteracións normativas identificadas polo concesionario como causa de desequilibrio do contrato facían parte ou non do denominado polo Tribunal Supremo “*risco regulatorio*”, aquel que un concesionario dilixente debería ter previsto ao tempo de formular as súas propostas.

Para o alto tribunal, “*as empresas que libremente deciden implantarse nun mercado como o da xeración de electricidade en réxime especial, sabendo de antemán que é en grande parte dependente da fixación de incentivos económicos polas autoridades públicas, son ou deben ser conscientes de que estes poden ser modificados, dentro das pautas legais, por esas autoridades. Un dos riscos regulatorios a que se someten, co que necesariamente han de contar, é precisamente o da variación dos parámetros das primas ou*



incentivos que a Lei do Sector Eléctrico atempera – no sentido antes dito – mais non exclúe” (STS de 25 de outubro de 2010).

A recente STS de 13 de xaneiro de 2014 (que resolve, desestimándoa, a impugnación do RD 1565/2010 e das súas Ordes de desenvolvemento) contén algunhas indicacións interesantes ao respecto. Entre elas a de que o réxime de fomento das enerxías renovábeis descansa nunha *“serie de presupostos implícitos que calquera operador do mercado dilixente – ou que acudira a un asesoramento previo de cualidade – non podía descoñecer”*. Para o TS, unha desas regras é a de que as medidas de fomento non podían ser consideradas perpetuas ou ilimitadas no tempo.

Engade que a seguranza xurídica non é incompatible cos cambios normativos, nin estes vulneran o principio de interdición da arbitrariedade dos poderes públicos en tanto a decisión de alterar o marco regulatorio non sexa desproporcionada, estexa amparada en razóns de interese xeral e obedeza a unha xustificación razoábel.

Considera ademais esta sentenza, seguindo neste punto a xurisprudencia constitucional¹, que o RD en causa non é retroactivo na medida en que carece de efectos ablativos cara o pasado – é dicir, non obriga a devolver as primas xa percibidas – senón que afecta a situacións xeradas no pasado mais aínda non concluídas (retroactividade impropia).

Así pois, tanto das xa citadas como da abondosa xurisprudencia do TS relativa á impugnación de Reais Decretos integrantes do marco regulatorio das enerxías renovábeis recollida nas SSTs de 5 de xullo de 2005, 15 de decembro de 2005, 25 de outubro de 2006, 20 de marzo de 2007, 9 de outubro de 2007, 3 de decembro de 2009, 9 de decembro de 2009, 8 de xuño de 2011, 23 de febreiro de 2012, 1 de marzo de 2012, 12 de abril de 2012, 19 de abril de 2012 e 25 de marzo de 2013, pódese concluír que:

- Non hai un dereito á prima de carácter permanente. O límite ás potestades de modificación do marco normativo vén determinada pola previsión da LES 1997 de que se manteña unha *“rendibilidade razoábel dos investimentos”* calculada en parámetros relativos á rendibilidade dos mercados de capitais. Previsión, por certo, recollida no art. 30 da LES vixente no momento de se adjudicar o contrato² e mantida na vixente LES de 2013³ e na súa normativa de desenvolvemento.

¹ Cfr., STC 126/1987: *“O que se prohibe no art. 9.3 CE é a retroactividade entendida como incidencia da nova Lei nos efectos xurídicos xa producidos de situacións anteriores, de sorte que a incidencia nos dereitos canto á súa proxección cara o futuro non pertence ao campo estrito da retroactividade ...”*. Como é sabido, o TC español distingue tres graos de retroactividade – máximo, medio e mínimo –, xulgando que só o primeiro vulneraría a prohibición do art. 9.3 CE.

² *“Para a determinación das primas terase en conta o nivel de tensión de entrega da enerxía á rede, a contribución efectiva á melloría do medio ambiente, ao aforro de enerxía primaria e á eficiencia enerxética, e os custos de investimento en que se incorrera, ao efecto de conseguir unhas taxas de rendibilidade razoábeis con referencia ao custo do diñeiro no mercado de capitais”* (art. 30.4.c, na versión modificada pola Lei 66/1997, de 30 de decembro).

³ *“O réxime retributivo non excederá o nivel mínimo necesario para cubrir os custos que permitan competir ás instalacións de produción a partir de fontes de enerxía renovables, coxeración de alta eficiencia e residuos en nivel de igualdade co resto das tecnoloxías no mercado e que permita obter unha rendibilidade razoable referida á instalación tipo en cada caso aplicable. Esta rendibilidade razoable xirará, antes de impostos, sobre o rendemento medio no mercado secundario das obrigacións do Estado a dez anos aplicando o diferencial adecuado”* (art. 14.7.b).

- As modificacións tecnolóxicas ou da situación económica xustifican a revisión dos parámetros iniciais de cálculo da tarifa.

- Os investidores deben asumir o risco regulatorio de variación das tarifas ou dos incentivos.

- Da Directiva 2009/28/CE relativa ao fomento do uso de enerxía procedente de fontes renovábeis non se pode tirar obriga ningunha para os Estados membros de estender alén de 30 anos (o período de vida útil das instalacións) a tarifa regulada ou de non restrinxir a súa aplicación *“sempre que se garanta unha retribución razoábel dos investimentos efectuados”*⁴.

- As modificacións tecnolóxicas ou da situación económica xustifican a revisión dos parámetros iniciais de cálculo da tarifa.

- Os investidores deben asumir o risco regulatorio de variación das tarifas ou dos incentivos.

- Da Directiva 2009/28/CE relativa ao fomento do uso de enerxía procedente de fontes renovábeis non se pode tirar obriga ningunha para os Estados membros de estender alén de 30 anos (o período de vida útil das instalacións) a tarifa regulada ou de non restrinxir a súa aplicación *“sempre que se garanta unha retribución razoábel dos investimentos efectuados”*.

Aplicando os argumentos expostos ao caso sometido á nosa consideración resulta, sen pór en dúbida o impacto que os sucesivos cambios normativos tiveron sobre o réxime económico da concesión do PES “O Barrigoso”, que ese impacto debería ter sido previsto polo concesionario no momento de formular a súa proposta inicial e, en concreto, no PEF incorporado á mesma. Se pola contra, como sucede neste caso, o PEF formulado polo concesionario non preveu como era debido a posíbel modificación do marco regulatorio vixente na altura, as consecuencias desta falta de previsión deben ser asumidas por el e non transferidas á Administración concedente a través dunha eventual solicitude de restabelecemento do equilibrio económico-financieiro da concesión carente de base legal.

⁴ Cdo. 8 da Directiva: *“A Comunicación da Comisión, de 10 de xaneiro de 2007, intitulada «Programa de traballo da enerxía renovábel — As enerxías renovábeis no século XXI: construción dun futuro máis sustentábel», concluíu que un obxectivo do 20% para a cuota global de enerxía procedente de fontes renovábeis e un obxectivo do 10% para as enerxías procedentes de fontes renovábeis no transporte serían metas adecuadas e factíbeis, e que un marco que prevexa obxectivos obrigatorios debería proporcionar ao sector a estabilidade a longo prazo que precisa para poder realizar investimentos razoábeis e sustentábeis no campo das enerxías renovábeis, capaces de reducir a dependencia con respecto aos combustíbeis fósiles importados e de impulsar as novas tecnoloxías no sector da enerxía. Eses obxectivos existen no contexto dunha melloría do 20% da eficiencia enerxética até 2020 que se establece na Comunicación da Comisión de 19 de outubro de 2006 intitulada «Plano de acción para a eficiencia enerxética: realizar o potencial», que recibiu o apoio do Consello Europeo de marzo de 2007, e do Parlamento Europeo na súa Resolución, de 31 de xaneiro de 2008, sobre o tal Plano de acción.”*



3. Acerca de se o restabelecemento pretendido do equilibrio económico do contrato ten cabida nalgún dos supostos previsto no art. 248.2 TRLCAP

De conformidade coa DT 1ª TRLCSP, a análise de se debe ou non procederse ao restabelecemento do equilibrio económico-financieiro do contrato de concesión de obra pública para a construción e explotación do “PES O Barrigoso” de Vimianzo debe facerse á luz da normativa vixente ao tempo de se celebrar o contrato, isto é, do TRLCAP modificado pola Lei 13/2003, reguladora do contrato de concesión de obras públicas.

De acordo co art. 248.2 deste corpo legal – basicamente coincidente co art. 258.2 TRLCSP – , “*A Administración deberá restablecer o equilibrio económico do contrato, en beneficio da parte que corresponda, nos seguintes supostos:*

a) *Cando a Administración modifique, por razóns de interese público, as condicións de explotación da obra.*

b) *Cando causas de forza maior ou actuacións da Administración determinasen de forma directa a ruptura substancial da economía da concesión. Para estes efectos, entenderase por causa de forza maior as enumeradas no artigo 144 desta lei.*

c) *Cando se produzan os supostos que se establezan no propio contrato para a súa revisión, de acordo co previsto nos artigos 230.1.e) e 233.1.d) desta lei”.*

Esta norma contén unha listaxe, pechada e de interpretación restritiva – por canto se trata de excepcións ao principio xeral de risco e ventura -, de catro supostos nos que a Administración concedente estaría obrigada (“*A Administración deberá ...*”) a restabelecer o equilibrio económico orixinal do contrato: o exercicio do *ius variandi*, a concorrencia dalgún suposto de forza maior tal e como este é definido no art. 144 da Lei⁵, as “*actuacións da Administración ou Ente público que determinasen de forma directa a ruptura substancial da economía da concesión*” e finalmente os supostos previstos no propio clausulado do contrato.

Excluída a concorrencia dun suposto de forza maior, non existindo no clausulado do contrato previsión ningunha tendente ao restabelecemento do equilibrio económico da concesión e dado que o Concello de Vimianzo non introduciu modificación ningunha das condicións inicialmente acordadas, a alteración do marco legal vixente no momento da celebración do contrato só se podería englobar dentro do denominado “*factum principis*”, é dicir, dentro das “*actuacións da Administración ou Ente público que determinasen de forma directa a ruptura substancial da economía da concesión*” a que se refire a letra b) do art. 248.2 TRLCAP.

A falta de maiores precisións legais, faise preciso repasar a doutrina xurisprudencial relativa ao *factum principis* como causa de restabelecemento do equilibrio económico-financieiro dos contratos públicos. Tal e como, sintetizando a doutrina legal e xurisprudencial, lembra o Informe 24/2013, de 25 de novembro, da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa de Aragón, os elementos propios da figura son a existencia dunha “*alteración indirecta da prestación non debida a risco imprevisíbel; relación de causalidade entre medida e prexuízo; maior onerosidade do contrato e carácter avaliábel do mesmo e ausencia de culpa do contratista*”.

Por ser nelas onde se centran as cuestións dubidosas que motivan a emisión deste parecer, deterémonos especialmente en dúas: o fundamento do *factum principis*, directamente conectado coa responsabilidade patrimonial da Administración, e a exixencia de que a actuación administrativa – no noso caso, modificación do marco legal – sexa imprevisíbel. Aos únicos efectos de contestar as avaliacións verquidas no informe achegado pola concesionaria farase referencia tamén ao alcance do reequilibrio no caso de *factum principis*.

⁵ Que cualifica como tais os incendios causados pola electricidade atomesférica, os fenómenos naturais catastróficos como maremotos, enchentes “ou outros semellantes” e os estragos causados violentamente en tempo de guerra, roubos tumultuosos “ou alteracións graves da orde pública”.

3.1. Fundamento do *factum principis*. A responsabilidade patrimonial

Tal e como recoñece a doutrina⁵ e a xurisprudencia, o *factum principis* fúndase no principio xeral de responsabilidade patrimonial dos poderes públicos, aínda que liquidábel no seo dun contrato. Cobra así sentido que, como acontece no caso que nos ocupa, cando a Administración autora da actuación xeral que altera a economía do contrato non é a propia Administración contratante, os eventuais dereitos indemnizatorios do contratista débense substanciar á marxe da relación contratual, isto é, polas vías previstas para facer efectiva a responsabilidade patrimonial da Administración previstas na Lei 30/1992.

Nótese que a norma que comentamos alude, non por acaso, a actuacións “*da Administración ou Ente público*”, en singular, con evidente intención de facer referencia en exclusiva á concedente. De resto, esta é a única interpretación coherente coa orixe dunha institución que, como xa foi indicado, debe procurarse no principio de responsabilidade patrimonial dos poderes públicos: é a Administración actuante, que non

⁵ Vid., por todos, GARCÍA DE ENTERRÍA (“Los principios de la nueva Ley de Expropiación Forzosa”, Madrid, 1954).



necesariamente ten que coincidir coa contratante, a que debe responder polas consecuencias danosas da súa actuación.

A Sentenza da AN de 13 de xuño de 2013 ofrece unha mostra recente do atinado desta interpretación. A empresa concesionaria da Autovía de titularidade estatal AP-53, entre Santiago e o Alto de Santo Domingo reclama á Administración do Estado indemnización por actuacións de desbroce e desmonte impostas pola nova Lei galega de loita contra os incendios forestais de 2007 que, ao seu ver, excedían das súas obrigas contratuais. O tribunal desestima a demanda da concesionaria empregando, entre outros, o seguinte argumento: *“No presente caso, é obvio que o dano ou lesión patrimonial cuxa indemnización se solicita non deriva do funcionamento dos servizos públicos, nin sequer da aplicación de actos legislativos -de carácter estatal- de natureza non expropiatoria de dereitos, que a reclamante non teña o deber xurídico de suportar, suposto cuxo coñecemento non correspondería a esta Sala. O evento lesivo viría constituído pola imposición de determinadas obrigas nunha lei autonómica, de tal xeito que o que se considera o feito causante do dano é alleo á Administración Xeral do Estado. Por iso, para o caso de que de tal normativa autonómica se derivase algún tipo de responsabilidade patrimonial, ésta non sería da Administración Xeral do Estado senón da Administración autonómica de que emana a norma en cuestión”*.

Mutatis mutandis, da aplicación deste criterio xurisprudencial ao caso que nos ocupa resultaría obrigado concluir que sendo as normas discutidas ditadas pola Administración Xeral do Estado ou, no caso da Lei de Economía Sustentábel, polas Cortes Xerais, o Concello de Vimianzo non tería obriga algunha de compensar uns prexuízos dos que en absoluto podería ser considerado responsábel.

3.2. Imprevisibilidade

En relación co xa apuntado a respecto do risco regulatorio que debe asumir o concesionario, para que o impacto producido por unha alteración normativa nun contrato administrativo poda ser cualificado como *“factum principis”* e orixinar unha obriga de restabelecemento do equilibrio económico-financiero, é preciso que o tal cambio normativo sexa imprevisíbel. Só neste caso, concorrendo a nota de imprevisibilidade, podería afirmarse que o contratista actuou de forma dilixente quedando deste xeito liberado do deber de soportar as consecuencias lesivas do cambio regulatorio.

Tras enumerar a imprevisibilidade como unha das notas caracterizadoras do *factum principis*, o xa citado Informe 24/2013, de 25 de novembro, da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa de Aragón advirte que *“obviamente, a técnica do equilibrio financeiro do contrato non deberá ser utilizada cando o*

problema teña a súa causa no estudo económico de viabilidade, que en moitos casos non existe, e que é o que presenta o contratista a licitación”. Engade aínda que *“esta cuestión é clave, por canto ao non existir estudo de viabilidade a Administración descoñece os custos de explotación, os investimentos que debe realizar o contratista, e outros factores necesarios para determinar, no seu momento, se a explotación do servizo é rendíbel ou deficiente pese aos esforzos do contratista”*. E conclúe: *“Mais isto non xustifica a alteración ou modificación do prego, en tanto a dilixencia debida nestes procedementos e os principios de eficacia e eficiencia, son límites insoslaíbeis na execución destes contratos”*. Ao se pronunciar deste xeito, o parecer deste órgano consultivo non fai máis que reproducir unha xurisprudencia consolidada a teor da cal só os prexuízos imprevisíbeis, ou sexa, aqueles que un empresario razoabelmente dilixente non podería ter previsto, poden ser compensados pola Administración ao abrigo do *factum principis*.

Da análise das normas reguladoras da produción de enerxías renovábeis, tanto das súas Exposicións de Motivos como da súa parte dispositiva, tírase que a substitución das primas por un réxime de subvención tendente a garantir unha retribución razoábel para os seus investimentos non podía ser descoñecida para un empresario dilixente coñecedor do sector de produción de enerxías renovábeis:

- Exposición de Motivos do RD 436/2004: *“Calquera que sexa o mecanismo retributivo polo que se opte, o Real Decreto garante aos titulares de instalacións en réxime especial unha retribución razoábel para os seus investimentos”*.
- Exposición de Motivos do RD 661/2004: *“O cadro económico establecido neste real decreto desenvolve os principios recollidos na Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, garantindo aos titulares de instalacións en réxime especial unha retribución razoable para os seus investimentos”*.

A maior abundamento, o último dos citados establece un precedente de supresión de primas e substitución por Rinv, ben que por importancia equivalente ao valor das primas suprimidas: *“Como consecuencia da derogación dos custos de transición á competencia (CTC), efectuada polo Real decreto lei 7/2006, do 23 de xuño, desapareceu a prima de certas instalacións da categoría a) do Real decreto 436/2004, do 12 de marzo, con anterioridade á data prevista inicialmente de 2010. Para paliar este agravio sobre as instalacións cuxa actividade non estaba directamente ligada a estes custos, incrementábase, desde a entrada en vigor do citado real decreto lei e até a entrada en vigor do presente real decreto, o valor do incentivo desas instalacións, na contía da prima suprimida, quedando a retribución total exactamente igual á situación anterior á modificación”*.



Para alén das normas ás que se imputa o desequilibrio que a Administración concedente tería que corrixir a xuízo do concesionario, que o réxime de incentivos públicos á produción de enerxías renovábeis estaba suxeito a cambio non debía ser algo descoñecido para un empresario dilixente cando o Plan de Enerxías Renovábeis 2011-2020, elaborado pola Administración Xeral do Estado, no epígrafe intitulado “Revisións dos niveis de retribución” reza: “Os niveis de retribución poden ser modificados en función da evolución tecnolóxica dos sectores, do comportamento do mercado, do grao de cumprimento dos obxectivos de enerxías renovábeis, do grao de participación do réxime especial na cobertura da demanda e da súa incidencia na xestión técnica e económica do sistema, garantindo sempre as taxas de rendibilidade razoábeis”.

En conclusión, se a proposta do concesionario non contiña un estudo de viabilidade adecuado ou un PEF que tivesen en conta a posibilidade de que o marco regulatorio puidese ser modificado (ou, dito doutro xeito, se a oferta foi elaborada a partir da hipótese de que o marco vixente no momento da celebración do contrato non ía ser modificado durante os vinte anos de duración prevista da concesión), as consecuencias desta falta de previsión non poden ser transferidas á Administración concedente. Semella que tal aconteceu no caso que nos ocupa e, por conseguinte, o Concello de Vimianzo non está obrigado a compensar uns prexuízos derivados da imprevisión e da falta de dilixencia coa que foi elaborada a oferta contratual polo concesionario inicial.

3.3. Inexistencia de desequilibrio económico

As decisións técnicas e as económicas dentro do contexto regulatorio previo da concesión conduciron a un rendemento económico para a empresa concesionaria superior ao previsto no plan financeiro do anexo. Este feito non supuxo, no seu momento, que se considerase á revisión á alza do canon a pesar de que, como é sabido, unha das máis importantes novidades da regulación do equilibrio económico no seo do contrato de concesión de obra pública pola Lei 13/2013 foi, precisamente, a dupla dirección deste reequilibrio: quer en beneficio da Administración, quer en favor do concesionario, tal e como declara a Exposición de Motivos da amentada Lei, cuando se refire á “existencia dun nivel mínimo e outro máximo de rendimientos totales para cada concesión, de sorte que se non se alcanzase o primeiro ou se sobrepasase o segundo durante o período que en cada caso se determine, procederá a revisión do contrato”.

O impacto do novo marco diminúe o fluxo de ingresos e incrementa o custos de operación. Porén, analizando o PES Barrigoso ao longo da súa vida útil, todo o exposto sinala que non se atopa o desequilibrio, cando menos no sentido apuntado no informe de ruptura para xustificar unha revisión. Así, podería afirmarse que a TIR do proxecto calculada a partir dos datos históricos reais contidos no informe

coa proxección da reforma retributiva está por riba da TIR do proxecto estimada a partir dos datos orixinais do anexo e, en todo caso, é superior ao que se considera unha rendibilidade razoable (7,5%).

En definitiva, tal e como establece a Sentenza do TSX de Cataluña de 16 de xullo de 2008, para determinar se

Parámetro	Documento	2005*	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	Promedio	Total
Produktividade	Anexo	1,072	2,495	2,495	2,495	2,495	2,495	2,495	2,495	2,495	2,495	2,495
horas equivalentes	Informe	1,072	2,953	2,587	3,361	3,321	3,569	3,285	3,011	3,780	3,233	
Produción Parque	Anexo	3,215	7,485	7,485	7,485	7,485	7,485	7,485	7,485	7,485	7,485	63,095
MWh	Informe	3,215	8,859	7,760	10,083	9,964	10,707	9,856	9,034	11,340	9,700	80,818
Prezos	Anexo	67,33	63,11	63,89	64,69	65,50	66,22	67,15	67,99	68,84	65,94	
(C/MWh)	Informe	67,35	91,24	74,69	105,58	79,32	79,38	67,26	80,05	71,32	82,52	
Facturación	Anexo	200,375	472,341	478,239	484,220	490,275	495,398	502,603	508,890	515,252	493,527	4.148,593
(C)	Informe**	216,518	808,325	581,891	1.074,641	790,298	849,964	662,935	813,476	808,917	798,793	6.606,865

* Ano de inicio real de operación. No caso da produtividade cólese o dato real para o anexo. Non se inclúe nestes cálculos promedio anual.
** Base inviable para cálculo do canon

impacta nunha concesión en forma de maiores gastos ou menor retribución para o concesionario supón ou non un desequilibrio que deba ser compensado, debe ampliarse a perspectiva e comprobar se estes maiores custos ou menores ingresos determinan realmente que o rendemento da concesión no seu conxunto sexa inferior ao previsto no PEF. De non ser así – tal e como acontece no caso concreto que nos ocupa – non cabe considerar que exista desequilibrio nin tampouco, por conseguinte, dereito a compensación algunha.

3.4. Alcance do reequilibrio no factum principis

Aos únicos efectos de desvirtuar as conclusións do informe encargado pola concesionaria (dado que xa foi desbotada a eventual existencia de factum principis e mesmo de desequilibrio que deba ser compensado), débese salientar que neste o alcance do reequilibrio ao que a Administración resulta obrigada é, en calquera caso limitado. A diferenza do que acontece co *ius variandi*, suposto no que a indemnización ten carácter integral, no factum principis a xurisprudencia adoita distribuír o prexuízo entre as dúas partes, concedente e concesionario. Tal e como afirma, entre moitas outras, a Sentenza do TSX de Cataluña de 2 de outubro de 2009, “a Administración debe participar, mais non é exixíbel imporlle todos os gastos producidos”.

No mesmo sentido, en relación tamén cun cambio regulatorio – neste caso imprevisíbel: mudanza da interpretación xurisprudencial da Lei de Facendas Locais que eximía de pagar o IBI ás concesionarias de autoestradas – a xa citada Sentenza do TSX de Cataluña de 16 de xullo de 2008 aclara, tras recoñecer a existencia de factum principis, “que o mantemento do equilibrio económico da concesión non supón que



fique desbotado o principio de risco e ventura do contratista, posto que unha cousa é mitigar ese desequilibrio e outra ben diferente desprazar á Administración o risco económico que é consubstancial á explotación do servizo ... a coparticipación da Administración nos riscos da explotación pode revestir unha pluralidade de formas ... Como sinalou a STSX de 17 de novembro de 2000 do País Basco "o restabelecemento do equilibrio económico non se traduciría tampouco nunha compensación integral dos prexuízos sufridos polo concesionario como no caso do ius variandi, senón nun reparto entre concedente e concesionario dos prexuízos imprevisibles, tal e como destacan as SSTS de 21 de outubro de 1980 e 14 de marzo de 1985, destacando esta última que a revisión debe orientarse cara unha distribución proporcional e razoábel das perdas entre ambos contratantes, de modo que a cuantía da compensación non sexa tan escasa que non impida a ruína da concesión, nin tan excesiva que desprace o risco normal da empresa á Administración impondo un auténtico seguro de beneficios mínimos a favor do concesionario ou un resarcimento de todos os prexuízos experimentados".

Non se trataría, pois, de compensar integralmente a maior onerosidade que o cambio do marco regulatorio supón para o concesionario – dado que, lembremos, a técnica do restabelecemento do equilibrio económico non pode operar como un seguro de perdas para o contratista – senón, mais limitadamente, de permitir que a explotación da obra siga a ser viábel, en nome da continuidade do servizo, a través dun reparto entre Administración e concesionario das consecuencias dese feito sobrevido.

II. CONCLUSIÓN. ALTERNATIVAS PARA A XESTIÓN FUTURA DO PES “O BARRIGOSO”

Do argumentado até este momento pódese concluír que o Concello de Vimianzo non está obrigado a restabelecer o equilibrio económico-financieiro do contrato de concesión de obra do PES “O Barrigoso”.

En consecuencia, ao Concello ábreñelle diversas posibilidades:

1. Manter a situación actual, isto é, nin modificar nin resolver o contrato. Certamente, esta é a situación en que se encontran a práctica totalidade dos PES galegos que, como o do Barrigoso, foron construídos e están explotados en réxime de concesión de obra pública.
2. Exercer o *ius variandi* – aplicando as previsións do TRLCAP e non as do vixente TRLCSP – a fin de introducir no contrato modificacións que, sen ser substanciais (é dicir, sen incrementar o prazo concesional nin alterar a estrutura retributiva inicialmente pactada) teñan en conta, nalgunha medida, os cambios normativos producidos desde a celebración do contrato en 2004.

3. Resolver o contrato por mutuo acordo co concesionario, debendo aboar a este o importe dos investimentos realizados por razón da expropiación de terreos, execución de obras de construción e adquisición de bens necesarios para a explotación da concesión, tendo en conta o seu grao de amortización en función do tempo que resta para o remate da concesión e do PEF (art. 266.1 TRLCAP). Consonte o anexo 6 “*Plan de viabilidad*” do Proxecto do PES O Barrigoso, este importe ascendería a 31/12/2014 a 843 miles de euros correspondentes a un valor de adquisición/produción da infraestrutura necesaria de 2.810 miles de euros e unha amortización acumulada deste inmovilizado de 1.967 miles de euros.

A resolución do contrato pode dar pé, á súa vez, a diversos cenarios. Basicamente a dous:

- 3.1. Optar por manter a xestión indirecta do parque e, en consecuencia, proceder a licitar novamente un contrato de concesión de obra pública. Se así fose o Concello podería incluír no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares unha cláusula en virtude da cal o adxudicatario resulte obrigado a aboar á anterior concesionaria a compensación prevista no art. 266.1 TRLCAP a que antes xa se fixo referencia.
- 3.2. Optar pola xestión directa do PES, concertando con terceiros, no seu caso, servizos tais como os de mantemento.

Este é o noso parecer, que sometemos a calquera outro mellor fundado.

Carlos Aymerich Cano
Profesor Titular de Dereito Administrativo
Economía
Universidade da Coruña
Coruña

Guillermo Iglesias Gómez
Profesor Contratado Doutor
Aplicada Universidade da

Coa colaboración de Antonio Blanco Moa, graduado en Dereito e Administración de Empresas pola UDC

A Coruña, a 6 de febreiro de 2015”

Consta no expediente informe conxunto emitido pola secretaria e interventor municipais, de data 21 de xullo de 2015, que conclúe:



Concello de Vimianzo

*"(...) En conclusión, e tendo en conta as consideracións xurídicas e técnicas contidas no informe emitido polos profesores Aymerich Cano e Iglesias Gómez – que subscribimos na súa integridade como propias – **emitimos informe desfavorable á solicitude** e, en consecuencia, consideramos que o Pleno, na súa condición de órgano de contratación, debe denegar o restablecemento solicitado, e manter a situación actual."*

O alcalde resume brevemente o expediente: no seu momento adxudicouse a concesión de obra pública do PES O Barrigoso a EYRA, que o cedeu no 2012 a EA OUTES, S.A., básicamente constituída por un fondo de investimento. No 2014 presentan unha solicitude de modificación contractual baseada nunha ruptura do equilibrio económico financeira da concesión. Plantexan reducir o canon fixo e variable á metade e ampliar o prazo de concesión en dez anos. Señala que é un asunto complexo, que significa un perxuízo económico grave para o concello, polo cal se solicitou un informe á UDC. O traballo fíxose dende o departamento de Administrativo da Facultade de Dereito e de Economía Aplicada da Facultade de Económicas, e chegaron a conclusión de que non había desequilibrio, pois a concesionaria fixo un investimento que non dou os resultados esperados, pero non hai dereito ao restablecemento do equilibrio, por eso se propón a desestimación da solicitude.

A Sra. Mouzo Maceiras sinala que se vai abster, se é beneficioso para o concello.

A Sra. Rodríguez Amigo ve ben que se defendan os intereses municipais, pero preocúpalle que haxa un informe dunha persoa que non é obxectiva (cita ao Sr. Aymerich) vencellada ao BNG. Se houbera un informe da Deputación, aparte de que sería gratis, sería máis obxectivo. Por eso se vai abster.

O Sr. Rodríguez Blanco vai apoiar a proposta de defender as condicións actuais da concesión, pero está dacordo coa concelleira do PP en que o informe debiu pedirse á Deputación.

A voceira de IxV di que non están dacordo coa petición da empresa, e crítica que se pedise ese informe á UDC, que pode ser para pagar favores. Conclúe que está a favor da proposta do goberno.

O alcalde considera que o nivel de compromiso da oposición cos intereses municipais é de paripé. Puntualiza que o informe foi emitido pola UDC, e elaborado en colaboración por dous departamentos de dúas facultades distintas, redactado por dous doutores con valía e titulación contrastada. Califica como "lamentable" que a oposición se poña a mirar o nome dun dos seus autores para tapar outras cousas. Seguindo o argumento da Sra. Rodríguez Amigo, a concelleira do PP estaría incapacitada para facer un informe precisamente pola súa pertenza a un partido político. E lembra que consta no expediente un informe emitido pola secretaria e interventor municipais. Semella, coa súa actitude, que a oposición considera que os números que presenta a concesionaria son certos.

Non se producen máis intervencións.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por dez votos a favor do BNG, IxV e TeGa, dúas abstencións de PP e PSOE e ningún voto en contra, aproba o ditame da comisión, que se eleva a acordo nos seus propios termos.

3. Festivos locais para o ano 2016.

Dase conta da proposta da Alcaldía, de data 23 de xullo de 2015, que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Asuntos Xerais reunida o 28 de xullo de 2015, e que se transcribe literalmente:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: designación de festivos locais para o ano 2016

Tendo en conta que a Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar ven solicitando aos concellos da provincia a determinación dos días festivos locais correspondentes ó ano seguinte, información que debe ser remitida antes do 30 de setembro de 2015.

Tendo en conta o anteriormente exposto, propónse ao Pleno, previo ditame da Comisión Informativa de Asuntos Xerais, a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Determinar como días festivos locais para o ano 2016 no termo municipal de Vimianzo os seguintes:

- 22 de xaneiro (San Vicenzo)
- 9 de febreiro (martes de Entroido)

SEGUNDO. - Comunicar o presente acordo á Xefatura Territorial da Coruña para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Vimianzo, 23 de xullo de 2015

O alcalde

Manuel Antelo Pazos"

O alcalde explica que os festivos locais habitualmente son San Vicenzo e as festas do verán, pero no 2016 o luns das festas cae o 15 de agosto, que xa é festivo, por eso se propón o martes de Entroido.

A Sra. Mouzo Maceiras di que as festas de Vimianzo sempre son o segundo fin de semana de agosto, e para o 2016 sendo así van coincidir con festas tan importantes como as de Laxe ou as da Virxe da Xunqueira de Cee.

Os concelleiros do PP e TeGa declinan intervir neste punto.

A voceira de IxV sinala que noutras ocasións en que coincidiron as festas de Vimianzo con festas tan importantes como as da Xunqueira de Cee ou as de Laxe, o que se fixo foi adiantar as festas de Vimianzo unha semana. Considera que deberían adiantarse as festas do verán á primeira fin de semana de agosto e poñerse como festivo o 8, tal como se fixo no ano 2011.

O alcalde lamenta que as comisións informativas non sirvan para nada e a oposición chegue con estas propostas ao pleno. Aclara que non lle compete á Corporación marcar as datas das festas do verán, senón unicamente determinar os festivos locais. Considera que as festas de Vimianzo teñen a mesma entidade que as que acaba de citar a oposición, e dende logo el ten claro cales son as súas festas. Repite que a data das festas é unha decisión do pobo, non da Corporación. Non se producen máis intervencións.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por oito votos a favor do BNG e PSOE, catro abstencións de IxV, PP e TeGa, e ningún voto en contra, aproba o ditame da comisión, que se eleva a acordo nos seus propios termos.



4. Aprobación inicial da Ordenanza municipal reguladora dos procedementos de intervención administrativa nos actos de uso do solo e do subsolo e no exercicio de actividades e apertura de establecementos.

Dase conta da proposta da Alcaldía, de data 23 de xullo de 2015, que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Asuntos Xerais reunida o 28 de xullo de 2015, e que se transcribe literalmente:

"PROPOSTA DE ACORDO

Visto o informe de Secretaría de data 23 de xullo de 2015, en relación co procedemento e a Lexislación aplicable para proceder á aprobación da Ordenanza reguladora dos procedementos de intervención administrativa nos actos de uso do solo e o subsolo e no exercicio de actividades e apertura de establecementos do Concello de Vimianzo.

Visto o proxecto de Ordenanza suscrito pola Alcaldía de data 21 de xullo de 2015, que conta cunha Exposición de motivos, 72 artigos, dúas disposicións adicionais, unha disposición derogatoria e unha disposición final.

Realizada a tramitación legalmente establecida e vista a competencia do Pleno, en virtude dos artigos 22.2.d) e 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, propónse a este, previo ditame da Comisión Informativa de Asuntos Xerais, a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a ordenanza reguladora dos procedementos de intervención administrativa nos actos de uso do solo e o subsolo e no exercicio de actividades e apertura de establecementos do Concello de Vimianzo.

Segundo.- Someter a devandita Ordenanza a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación. De non se presentar reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo e da ordenanza aprobada provisionalmente ao Servizo de Xestión Técnico-Administrativo do Departamento Territorial de A Coruña da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para que no mesmo período de exposición ao público poda presentar cantas alegacións estime convinte.

Cuarto.- Facultar o Sr. Alcalde-Presidente para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto.

Vimianzo, a 23 de xullo de 2015

O alcalde

Manuel Antelo Pazos"

Consta no expediente o texto da ordenanza, que se transcribe íntegramente:

"ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DOS PROCEDEMENTOS DE INTERVENCIÓN ADMINISTRATIVA NOS ACTOS DE USO DO SOLO E DO SUBSOLO E NO EXERCICIO DE ACTIVIDADES E APERTURA DE ESTABLECEMENTOS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior e a Lei 17/2003, de 23 de novembro, sobre libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, que incorpora aquela ao dereito español, pretenden facilitar a liberdade de establecementos aos prestadores e a libre prestación de servizos simplificando procedementos.

Da mesma maneira, a Lei 25/2009, de 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, modifica o artigo 84 da Lei 7/1985, reguladora das bases do Réxime local, engadindo aos sistemas clásicos de intervención na actividade da cidadanía por parte das entidades locais o da comunicación previa ou declaración responsable e o sometemento ao control posterior ao inicio da actividade.

Por iso, o Real decreto 2009/2009, de 23 de decembro, modifica o Regulamento de servizos das corporacións locais de 1955, de maneira que o artigo 22.1 que suxeitaba á licenza a apertura de establecementos industriais e mercantís queda redactado da seguinte maneira: "A apertura de establecementos industriais e mercantís poderá suxeitarse aos medios de intervención municipal nos termos previstos na lexislación básica en materia de réxime local e na Lei 17/2009, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio". Isto obedece á necesidade de adecuar o contido deste regulamento ao novo réxime que introduce a comunicación previa ou a declaración responsábel, xunto coas licenzas, como mecanismo ordinario de intervención no ámbito local.

Con posterioridade, a Lei 2/2001, de 4 de marzo, de economía sostíbel, volve a modificar a Lei 7/1985, reguladora das bases de Réxime local, engadíndolle un novo artigo 84bis que establece que "con carácter xeral, o exercicio de actividades non se someterá á obtención de licenza ou outro medio de control preventivo", se ben, mantén este mesmo control preventivo para aquelas actividades que lle afecten á protección do medio ambiente ou do patrimonio histórico artístico, á seguridade ou a saúde públicas ou que impliquen o uso privativo e a ocupación de bens de dominio público.

Así pois, foi preciso establecer e regular os procedementos para estes novos medios de intervención administrativa cunha ordenanza municipal e determinar as actividades que quedarían excluídas destes mecanismos de control que, con carácter xeral, se establecen no artigo 84bis da Lei de bases de Réxime local.

Así, a Lei 12/2012, de 26 de decembro, de medidas urxentes de liberalización do comercio e de determinados servizos, elimina, por unha banda todos os supostos de autorización ou licenza municipal previa motivados na protección do medio ambiente, da seguridade ou de saúde públicas ligados a establecementos comerciais e outros, que se detallan no seu Anexo, de menos de 300 m² de superficie, e, por outra estende esta "flexibilización" tamén ás obras vencelladas ao acondicionamento destes locais que non requiran da redacción dun proxecto de obra de conformidade coa Lei 38/1999, de ordenación da edificación, como sinala o artigo 3 da mesma.

Posteriormente, e nesta mesma liña de control administrativo a posteriori, é determinante a Lei 9/2013, de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade de Galicia, que establece un marco moito máis amplo para o exercicio de actividades sen licenza previa e para a execución de actos de usos do solo e do subsolo sen control a priori, modificando, para isto, a Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Esta última lei establece un novo réxime xurídico para Galicia no que ao exercicio de actividades e realización de obras se refire, de tal maneira que, para unhas e para outras, establece como réxime xeral de control o da comunicación previa, deixando para supostos excepcionais, de espectáculos públicos e actividades recreativas, o outorgamento de licenzas de actividade e reducindo os actos de uso do solo e do subsolo que requiren de previa licenza municipal, como o demostra a nova redacción que se lle da ao artigo 194.2 da Lei 9/2002.

Neste novo contexto faise, logo, necesario crear un novo marco xurídico municipal que dea resposta e desenvolva o novo réxime das comunicacións previas, tanto en obras como en actividades. Este é un dos obxectivos desta ordenanza municipal, dándolle así resposta ao artigo 25 da Lei 9/2013, ao artigo 194.8 da Lei 9/2002 na súa nova redacción, ao artigo 5 da Lei 12/2012 e ao artigo 28.2 da Lei 13/2010, de comercio interior de Galicia, na redacción dada pola dita Lei 9/2013, que lle requiren aos concellos o establecemento e a planificación dos procedementos de comunicación necesarios, así como os de verificación posterior dos



Concello de Vimianzo

requirimentos precisos e dos elementos e circunstancias que a persoa interesada manifestara na comunicación previa.

Ademáis deste obxectivo, xa importante por si mesmo, esta ordenanza tamén pretende regular os procedementos de intervención a priori, é dicir os supostos nos que se requira licenza municipal, tanto para os actos de uso do solo e do subsolo como para o exercicio de actividades, que aínda menores en número, non por isto menos importantes. Desta maneira o que se pretende é que dunha maneira integral, nun mesmo texto normativo municipal, se regulen todos os procedementos de intervención administrativa tanto para os actos de uso do solo e do subsolo, as denominadas "obras", como para o exercicio de actividades e apertura de establecementos, regulados dentro das competencias do concello. Isto redunda en beneficio dunha maior claridade e seguridade xurídica, tendo en conta a interrelación que en numerosas ocasións se da entre as obras e as actividades que se refiren a unha mesma actuación, cando ademáis poden estar sometidas á licenza as primeiras e a comunicación previa as segundas, ou viceversa.

A ordenanza estruturase en cinco títulos divididos, á súa vez, en dez capítulos e estes, se é o caso, en seccións.

O Título I leva como epígrafe "Disposicións xerais" e o seu contido está destinado a determinar o obxecto, os distintos réximes existentes e as normas que lles son comúns.

O Título II refírese aos distintos actos de uso do solo e do subsolo e obras, sometidos á licenza (Capítulo 1) ou á comunicación previa (Capítulo 2).

O Título III regula os procedementos para as actividades e apertura de establecementos, sometidas á licenza (Capítulo 1) ou á comunicación previa (Capítulo 2).

O Título IV regula o procedemento de control posterior, tanto sobre as obras como sobre as actividades.

O Título V refírese á reposición da legalidade e ao réxime sancionador.

A regulación complétase con dúas disposicións adicionais, unha transitoria e outra final.

TÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

ARTIGO 1. OBXECTO

1º.- A presente ordenanza ten por obxecto a regulación dos procedementos de intervención, control da legalidade e inspección municipais dos actos de uso do solo e subsolo de natureza urbanística e das actividades que se instalen e se desenvolvan no termo municipal de Vimianzo.

2º.- Exclúense do ámbito de aplicación desta ordenanza as actividades de venda ambulante, que se rexerán pola súa respectiva ordenanza municipal.

ARTIGO 2. RÉXIME

1º.- Os actos do uso do solo e do subsolo quedan sometidos ao réxime de intervención municipal de comunicación previa, agás naqueles casos nos que esta ordenanza ou a lexislación en vigor requiran que se solicite e obteña unha licenza municipal previa.

2º.- A implantación e desenvolvemento de calquera actividade comercial, industrial, profesional, económica ou de servizos estará suxeita á presentación dunha comunicación previa ao Concello de Vimianzo, agás naqueles casos nos que esta ordenanza ou a lexislación en vigor requiran que se solicite e obteña unha licenza de apertura ou de actividade municipal previa.

3º.- Naqueles casos nos que a actuación que se pretenda requira dalgunha autorización, cualificación ou informe favorable doutra administración pública distinta da municipal, esixíbel pola lexislación sectorial que se deba aplicar, a comunicación previa ou o outorgamento da licenza municipal requirirá a previa emisión e incorporación ao expediente da dita autorización, cualificación ou informe.

ARTIGO 3. DEFINICIÓNS

1º.- Nos termos da lexislación vixente e para os efectos desta ordenanza enténdese por:

1) Licenza: acto administrativo regulado mediante o que o órgano municipal competente, despois de comprobar de que se cumpren as condicións establecidas na normativa de aplicación, autoriza actos de uso do solo e/ou do subsolo ou o exercicio de actividades e/ou apertura de establecementos.

2) Comunicación previa: documento mediante o que as persoas interesadas lle comunican ao Concello de Vimianzo os seus datos identificativos e os demais requisitos esixíbeis para o exercicio dun dereito ou o inicio dunha actividade, ao abeiro do establecido nos artigos 70.1 e 71bis-2 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común, ao que acompañarán a documentación acreditativa de cumprir coa normativa que lle resulte aplicábel.

2º.- As licenzas ou comunicacións previas recibirán o nome de "urbanísticas" canto teñan por obxecto actos de ocupación, edificación e uso do solo e do subsolo e de "actividade" cando teñan por obxecto a instalación e exercicio de calquera actividade comercial, industrial, profesional, económica ou de servizos.

ARTIGO 4. OBRAS E ACTIVIDADES PARTICULARES EN TERREOS DE DOMINIO PÚBLICO

1º.- Cando os/as particulares pretendan realizar actos de usos do solo e do subsolo ou actividades en terreos de dominio público que non sexa municipal, esixírase igualmente licenza ou comunicación previa independentemente das autorizacións ou concesións que lle sexa pertinente outorgar á administración titular do dominio público.

Estas autorizacións ou concesións deberán acompañar á solicitude da licenza municipal ou á comunicación previa que, de ser o caso, sexa presentada e serán necesarias para que estas se poidan tramitar ou producir efectos.

2º.- Cando se pretendan desenvolver actos de uso do solo ou do subsolo ou actividades en terreos de dominio público municipal que estiveran suxeitos a concesión administrativa, se durante o procedemento de outorgamento desta concesión se constatou a adecuación do proxecto á normativa urbanística e sectorial que deba aplicarse, as licenzas urbanísticas entenderanse concedidas e producidos, respectivamente, coa propia resolución que outorgue a concesión administrativa.

3º.- Cando os actos de uso do solo e do subsolo e as actividades pretendidas en dominio público municipal impliquen un uso común especial sometido a licenza ou autorización municipal segundo o Regulamento de bens das Entidades locais, o outorgamento da licenza urbanística ou de actividade implicará a concesión da licenza ou autorización para a ocupación do dominio público.

Se os actos do uso do solo ou do subsolo ou as actividades que se desenvolverán en dominio público local están sometidas ao réxime de comunicación previa, terase que solicitar previamente a licenza para usar o dito dominio público e unha vez que se obteña terase que achegar coa documentación que acompañe á comunicación previa.

ARTIGO 5. ERRO NA CUALIFICACIÓN DO ESCRITO PRESENTADO

1º.- Se a persoa interesada comete un erro na cualificación sobre a elección do procedemento sometido a licenza, este erro non será obstáculo para que se continúe coa súa tramitación sempre que do contido da solicitude se deduza o seu verdadeiro carácter. O Concello notificaralle á persoa interesada acerca de tal circunstancia e, no seu caso, requiríralle a documentación que sexa precisa para continuar co procedemento que corresponda.

2º.- Cando a persoa interesada presentara unha comunicación previa, sendo aplicábel o réxime de licenza, advertíraselle que non poderá efectuar a obra ou iniciar a actividade até que obteña a preceptiva licenza. Se iniciara a obra ou a actividade requiríraselle para que proceda, de inmediato, á súa paralización coas advertencias propias dos procedementos de reposición da legalidade urbanística.

3º.- Cando a persoa interesada solicitara unha licenza cando o réxime aplicábel fora o de comunicación previa, notificaráselle para sinalarlle tal feito e para que presente, no seu caso, a documentación correspondente, non podendo iniciar a obra ou desenvolver a actividade mentres non presente a dita documentación.

ARTIGO 6. CONSULTA PREVIA

1º.- Os particulares poderán presentar solicitudes de consulta previa do réxime e das condicións urbanísticas aplicables a unha finca determinada, edificación ou local, así como dos actos de uso do solo e do subsolo, actividades permitidas e do procedemento de tramitación aplicábel para a actuación de que se trate.

Igualmente poderá formular consulta por escrito sobre unha iniciativa de actividade ou obra concreta, que se acompañará dunha memoria descritiva ou dos datos suficientes que definan as características xerais da actividade proxectada e do inmovible no que se pretenda desenvolver a obra en cuestión.

2º.- Nos casos de consultas relativas a unha parcela ou edificación, a solicitude deberá de conter a referencia catastral da dita parcela ou edificación para identificala correctamente.

3º.- O Servizo de urbanismo emitirá un informe sobre a consulta plantexada. No dito informe sinalaranse a clase e cualificación do solo que corresponda á finca, polígono ou sector do que se trate, usos e intensidades recollidos no planeamento, parámetros urbanísticos aplicables e, de ser o caso, requisitos esixidos e documentación que deberá achegar para a execución da obra, apertura dun establecemento ou inicio dunha actividade.

4º.- A consulta será contestada no prazo máximo dun mes, unha vez que se presente a solicitude no Rexistro municipal.



Concello de Vimianzo

5º.- O sentido da resposta ás consultas formuladas non terá carácter vinculante para a administración

ARTIGO 7. ACTOS NON SUXEITOS A LICENZA OU COMUNICACIÓN PREVIA

Non será esixíbel licenza ou comunicación previa nos seguintes supostos:

- A) As parcelacións urbanísticas e calquera acto de división de parcelas efectuadas a través de proxectos de compensación, reparcelación, equidistribución ou normalización de predios.
- B) A demolición de construcións declaradas en ruína a través do pertinente expediente contradictorio, sen prexuízo da redacción dun proxecto técnico para a súa execución se a entidade das obras de demolición o require.
- C) As obras de apuntalamento e outras medidas de seguridade urxentes, cando sexan precisas.
- D) As obras derivadas dunha orde de execución, salvo que debido á entidade que se esixa unha solicitude de licenza ou presentación de comunicación previa acompañadas do correspondente proxecto técnico.
- E) As obras derivadas de resolucións recaídas en expedientes de reposición da legalidade urbanística que non impliquen demolición total ou parcial.
- F) As obras de urbanización previstas nos proxectos de urbanización.
- G) As actuacións urbanísticas promovidas polo Concello de Vimianzo no seu propio termo municipal, que se entenderán autorizadas mediante o acordo de aprobación do proxecto logo da acreditación no expediente de cumprimento da normativa de aplicación.
- H) As obras públicas eximidas expresamente pola lexislación sectorial ou de ordenación do territorio.

ARTIGO 8. SITUACIÓNS XURÍDICAS PRIVADAS

As licenzas e as comunicacións previas producirán efectos entre o Concello e o suxeito a cuia actuación se refiran, pero non alterarán as situacións xurídicas privadas entre este e as demais persoas. O título habilitante que supón a concesión dunha licenza ou unha comunicación previa para a realización dunha obra ou o exercicio dunha actividade entenderase outorgado deixando a salvo o dereito de propiedade sen prexuízo do de terceiros.

TÍTULO II. LICENZAS E COMUNICACIÓNS PREVIAS URBANÍSTICAS

CAPÍTULO I. LICENZAS URBANÍSTICAS

Sección 1ª. Actos suxeitos e réxime xurídico das licenzas

ARTIGO 9. ACTOS SUXEITOS A LICENZA

Estarán suxeitos a licenza municipal previa os actos de ocupación, construción, edificación e uso do solo e do subsolo seguintes:

- A) As obras de edificación de nova construción, agás aquelas construcións de escasa entidade construtiva e sinxeleza técnica que non teñan, de maneira eventual ou permanente, carácter residencial nin público e que se desenvolvan nun só andar.
- B) As intervencións de carácter total sobre os edificios existentes ou as parciais que produzan unha variación esencial da composición xeral exterior, a volumetría ou o conxunto do sistema estrutural, ou teñan como obxecto cambiar os usos característicos do edificio.
- C) As intervencións en edificios declarados bens de interese cultural ou catalogados debido as súas características singulares ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos.
- D) As demolicións
- E) Os muros de contención de terras
- F) Os grandes movementos de terras e explanacións
- G) As parcelacións, segregacións e outros actos de división de terreos en calquera clase de solo, cando non formen parte dun proxecto de compensación ou reparcelación.
- H) A primeira ocupación dos edificios
- I) A localización de casas prefabricadas e instalacións similares, ben sexan provisionais ou permanentes.
- J) A corta de masas arbóreas ou de vexetación arbustiva en terreos incorporados a procesos de transformación urbanística, entendéndose así aqueles terreos incluídos nos ámbitos do solo de núcleo rural urbanizable ou apto para urbanizar, de solo urbano non consolidado ou de solo de núcleo rural sometido a unha actuación de carácter integral.
- K) Outro acto calquera que se sinala a través dunha disposición legal.

ARTIGO 10. FINALIDADE DAS LICENZAS URBANÍSTICAS

1º.- A licenza urbanística ten por finalidade a de comprobar que os actos relacionados no artigo anterior se axustan ao ordenamento urbanístico vixente, se o aproveitamento proxectado se axusta ao susceptible de apropiación e se as obras e os usos proxectados reunen as condicións esixíbeis de seguridade, salubridade, habitabilidade e accesibilidade.

2º.- Non se poderá iniciar a execución das obras ou dos actos pretendidos mentres non se obteña a preceptiva licenza.

ARTIGO 11. ALCANCE DO CONTROL MUNICIPAL

A intervención municipal a través da licenza urbanística non comprende o control dos aspectos técnicos relativos á seguridade estrutural das construcións, ás condicións de montaxe das instalacións ou á calidade dos elementos materiais empregados, cuxa responsabilidade é exclusiva do/da proxectista, da dirección técnica, da promotora ou da empresa construtora ou instaladora.

Sección 2ª. Procedemento para o outorgamento de licenzas urbanísticas

ARTIGO 12. SOLICITUDE DE LICENZA

1º.- Os procedementos de tramitación das distintas licenzas urbanísticas inicianse mediante solicitudes cuxos modelos oficiais se publicarán na Sede electrónica municipal.

2º.- A presentación das solicitudes e da documentación requirida deberá efectuarse a través de calquera dos rexistros sinalados no artigo 38-4 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou telematicamente a través da Sede electrónica municipal.

Se a presentación da solicitude e o resto de documentación se efectúa en soporte papel, o proxecto técnico que se achegue, se fora necesario, terase que presentar tamén, e en todo caso, nun soporte dixital en formato PDF. Se o proxecto foi visado electronicamente por un colexio profesional que permita o acceso á súa plataforma será suficiente coa presentación do código de proxecto e a autorización do/da cidadán para o acceso dende o Concello.

3º.- Cando, para a solicitude da licenza, se precise un proxecto técnico este será completo, entendo por tal o que conteña tanto o denominado Proxecto básico como o Proxecto de execución.

ARTIGO 13. TRAMITACIÓN

1º.- As licenzas urbanísticas tramítanse ao abeiro da lexislación reguladora do procedemento administrativo común coas especialidades contidas na lexislación local, na urbanística e na sectorial e coas contidas nesta ordenanza municipal.

2º.- A solicitude de licenza só comezará a producir efectos dende o momento no que o correspondente escrito, xunto coa documentación completa esixida en cada caso, entrara no Rexistro municipal.

ARTIGO 14. SUBSANACIÓN DE DEFICIENCIAS E MELLORA DA SOLICITUDE

1º.- Se os servizos municipais detectaran omisións, deficiencias ou imprecisións na solicitude ou na documentación presentada, ben no momento da presentación, ben posteriormente, requiriráselle á persoa solicitante para que, no prazo de dez días, as complete, subsane ou aclare, con indicación de que se non o fixera se entenderá que desistiu da súa petición, ao abeiro do previsto na lexislación reguladora do procedemento administrativo común.

2º.- O requirimento para a subsanación de deficiencias suspenderá o tempo máximo para ditar resolución dende que se notifique o requirimento até que a persoa destinataria cumpra co requirido.

3º.- Se o requirimento non se leva a cabo de maneira completa ou se efectúa de maneira insuficiente poderase realizar un segundo requirimento sobre as deficiencias non corrixidas. Se estas deficiencias non se subsanan no novo prazo concedido producirase o desistimento da persoa petionaria sen que se leven a cabo máis requirimentos.

ARTIGO 15. MODIFICACIÓNS DO ACTO PARA O QUE SE SOLICITA LICENZA

Se antes de conceder a licenza se pretenderan realizar modificacións no proxecto técnico ou na documentación presentada e estas modificacións alterasen determinacións da actuación pretendida que afectasen ao aproveitamento urbanístico, altura, ocupación en planta, forma e posición do edificio na parcela, estrutura, número de vivendas, usos, accesibilidade ou afección ao entorno, a persoa interesada deberá, previo desistimento da licenza solicitada, solicitar unha nova licenza que se tramitará ao abeiro da normativa vixente na data da nova solicitude.

ARTIGO 16. AUTORIZACIÓNS SECTORIAIS



Concello de Vimianzo

1º.- As actuacións que se pretendan desenvolver en terreos, construcións ou instalacións que precisen, ademais da licenza municipal, de autorizacións ou informes sectoriais doutras entidades ou administracións públicas, ao abeiro da normativa sectorial de aplicación, necesitarán achegar estas autorizacións ou informes para a concesión, se procede, da correspondente licenza urbanística.

2º.- No caso de que non se presente a preceptiva autorización ou informe sectorial, o procedemento de tramitación da solicitude da licenza municipal quedará en suspenso polo tempo que medie entre a notificación do seu requirimento e a súa presentación.

3º.- A mesma suspensión do procedemento producirase cando sexa o Concello o que, diante dunha solicitude de licenza urbanística deba solicitar autorizacións ou informes sectoriais a outras administracións públicas, ao abeiro da lexislación sectorial que lle sexa aplicábel, e durante o tempo que transcorra entre a petición e a recepción da autorización ou do informe.

ARTIGO 17. INFORMES

Tendo en conta a documentación presentada e ao abeiro da normativa urbanística que lle sexa aplicábel, os servizos municipais emitirán un informe técnico acerca do uso e da obra proxectada e posteriormente o preceptivo informe xurídico.

ARTIGO 18. CESIÓN DE TERREOS

1º.- Antes de que se emita a proposta de resolución favorábel para a concesión da licenza de calquera tipo de obra ou actividade en solos urbanos consolidados, que non teñan a condición de soar nin tampouco regularizadas as vías públicas, a persoa propietaria deberalle ceder, de balde, ao Concello de Vimianzo os terreos destinados a vías fora das aliñacións establecidas no planeamento, previa segregación dos mesmos se fora preciso. Esta mesma obriga deberá cumprirse antes da presentación dunha comunicación previa urbanística ou de actividade, se se dan os mesmos elementos de feito.

2º.- Igualmente, esta obriga da persoa propietaria terá lugar nos solos de Núcleo rural, cando se pretenda construír unha nova edificación ou substituír a existente.

3º.- Esta cesión formalizarase mediante un documento administrativo e posteriormente elevarase a escritura pública, que será presentada nas dependencias municipais con constancia da súa inscrición no Rexistro da Propiedade.

ARTIGO 19. RESOLUCIÓN

1º.- Unha vez que se complete o expediente e se formule a proposta de resolución, esta trasladaráselle ao órgano competente para que a resolva, trámite co que se finalizará o expediente.

A resolución poderá adoptar unha das seguintes formas: concesión pura e simple da licenza, concesión da licenza condicionada ao cumprimento de determinados requisitos ou denegación da licenza.

Toda resolución que denegue a licenza deberá ser debidamente motivada con referencia explícita ás normas ou determinacións do planeamento que se incumpran.

2º.- As peticións de licenza resolveranse no prazo de tres meses, que comezarán a contar dende a presentación da solicitude coa documentación completa no Rexistro do Concello, agás as peticións de licenza para primeira ocupación de edificios que se resolverán no prazo de dous meses, contados dende o mesmo momento, sempre que, mediante disposición legal, non se establezan outros prazos.

3º.- Transcorridos os prazos sinalados no apartado anterior para resolver as solicitudes de licenza, coas suspensións legalmente procedentes, sen que se adopte resolución municipal expresa, operará o réxime de silencio administrativo na forma establecida legalmente.

En ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo positivas licenzas en contra da normativa ou do planeamento urbanístico.

ARTIGO 20. LICENZAS CONDICIONADAS A COMPLETAR A URBANIZACIÓN

1º.- As licenzas de edificación de nova construción ou de ampliación ou reforma de edificios existentes que se soliciten para terreos urbanos consolidados que aínda non tiveran a condición de soar ou que, sendo de Núcleo rural, precisen de obras de acometida ás redes de servizos existentes ou de urbanización, outorgaranse cando se asegure a execución simultánea da urbanización e da edificación.

2º.- Con carácter previo ao outorgamento da licenza deberá constituírse unha garantía polo importe do 100% das obras de urbanización pendentes e/ou do custo previsíbel de reposición das existentes que puidesen resultar afectadas con motivo da obra, que serán determinadas no propio proxecto técnico da edificación ou nun anexo ao mesmo.

Esta garantía devolverase no mesmo momento de outorgamento da licenza de primeira ocupación cuxa concesión quedará supeditada ao feito de que se executaran total e satisfactoriamente as obrigas garantizadas.

No caso de obras para as que non é precisa a licenza de primeira ocupación, a garantía devolverase despois de que a persoa interesada comunique o remate das obras coa presentación do certificado final de obra elaborado por un técnico competente, sempre que se cumpriran total e satisfactoriamente as obrigas garantidas.

ARTIGO 21º. EXTINCIÓN E CADUCIDADE DAS LICENZAS

1º.- As licenzas urbanísticas extinguiranse debido aos seguintes motivos:

A) Por caducidade.

B) Por renuncia do titular, comunicada por escrito ao Concello e declarada por este.

C) Por resolución xudicial ou administrativa que as anule, a través dos procedementos de revisión de oficio regulados na lexislación administrativa.

2º.- As licenzas urbanísticas outorgaranse ao abeiro dun prazo de caducidade, tanto para o inicio como para o remate das obras, así como para a interrupción das mesmas.

O prazo máximo para o inicio das obras é de seis meses e para o remate de tres anos, contados dende a data de notificación da resolución de concesión da licenza. As ditas obras non poderán interromperse durante un período de tempo superior aos tres meses.

3º.- Os ditos prazos poderán prorrogarse se o solicita a persoa titular da licenza, sempre que sexa formulada antes da conclusión dos prazos e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga.

4º.- Unha vez que transcorren e se incumpran calquera dos ditos prazos o órgano competente para conceder a licenza, previa audiencia da persoa interesada, declarará a caducidade da mesma.

5º.- A declaración de caducidade extinguirá a licenza e non se poderán iniciar nin proseguir as obras agás para traballos de seguridade e mantemento, dos que se lle dará conta ao Concello para que os controle.

Unha vez declarada a caducidade da licenza a persoa interesada poderá solicitar unha nova licenza que se tramitará ao abeiro da normativa vixente na data da solicitude.

Sección 3ª. Execución das obras

ARTIGO 22º. COMUNICACIÓN DA EMPRESA CONSTRUTORA

Antes de comezar as obras a persoa titular da licenza comunicarlle ao Concello o nome e o domicilio social da empresa que as leve a cabo. Se cambiase a empresa encargada do desenvolvemento das obras o titular da licenza deberá comunicarllo á administración municipal.

ARTIGO 23º. SINALIZACIÓNS DE ALIÑACIÓNS E RASANTES

1º.- No caso de obras de edificación de nova construción, de ampliación de edificios existentes que alteren a ocupación en planta, de muros de contención, de instalacións de casas prefabricadas e instalacións similares ás que se refire o artigo 9 desta ordenanza, será condición indispensable para o comezo das obras que, unha vez concedida a pertinente licenza, se sinalen as aliñacións e os rasantes, previa solicitude da persoa interesada.

2º.- A solicitude de aliñacións e rasantes irá acompañada dun plano da situación dos terreos, por triplicado, a escala 1:500, con todos os seus datos acotados e os do entorno máis próximo.

3º.- As aliñacións e rasantes ás que se deberá axustar a construción, ampliación ou instalación sinalaranse na acta de implantación.

O acto de sinalización de aliñacións e rasantes efectuarase o día e a hora que sinalen os técnicos municipais do Servizo de urbanismo. A este acto asistirán un/unha técnico municipal, a persoa titular da licenza de obra e a dirección técnica da mesma. Estas mesmas persoas subscribirán, a continuación, a acta de implantación por triplicado, así como o plano acotado a escala 1:500, que se lle xuntará.

ARTIGO 24º. DOCUMENTACIÓN NO LUGAR DA OBRA E CARTEL INDICADOR

1º.- Será requisito indispensable en todas as obras dispoñer, a pe de obra, de copias autorizadas da licenza municipal e da acta de implantación, para aquelas obras nas que sexa necesaria, ao abeiro do apartado 1º do artigo 23 desta ordenanza.

2º.- Ademais do indicado no apartado anterior, nas obras de edificación de nova construción e nas intervencións en edificios existentes que precisen licenza municipal tamén será requisito indispensable a



Concello de Vimianzo

colocación a pé de obra dun cartel indicador que sexa visíbel dende o vial público cunhas dimensións de 110 cm de ancho por 80 cm de alto e co contido que se indica no seguinte esquema:



CONCELLO DE VIMIANZO

- Nº EXPEDIENTE DA LICENZA DE OBRA:
- DATA DE EXPEDICION DA LICENZA:
- ORDENANZA QUE SE APLICA:
- PROMOTOR:
- CONSTRUTOR:
- DIRECTOR DE OBRA:
- DIRECTOR DE EXECUCIÓN MATERIAL:
- NÚMERO DE ANDARES AUTORIZADOS:
- USOS:
- PRAZO MÁXIMO DE EXECUCION:



3º.- O cartel será de tableiro hidrófugo con fondo branco e texto en negro, perfectamente visíbel.

ARTIGO 25º. MODIFICACIÓNS DAS OBRAS AMPARADAS EN LICENZA

1º.- Se durante a execución das obras se previran ou produciran variacións que alteraran o proxecto técnico ou a documentación sobre os que se baseou a licenza outorgada nalgún dos parámetros relacionados no artigo 15 desta ordenanza a persoa titular estará obrigada a solicitar unha nova licenza que as ampare.

2º.- As modificacións de detalle que durante a execución das obras non alteren os parámetros urbanísticos da licenza outorgada, relacionados no artigo 15 desta ordenanza, deberán documentarse cunha memoria e, no seu caso, planos, que se achegarán coa solicitude da licenza de primeira ocupación, se esta fora precisa, ou directamente unha vez concluídas as obras e nos que quedarán perfectamente recollidas, descritas e identificadas as variacións de detalle introducidas.

Sección 4ª. Remate das obras

ARTIGO 26º. OBRIGAS DA PERSOA TITULAR DA LICENZA AO REMATAR AS OBRAS

1º.- Dentro dos dez días seguintes ao remate dunha obra a persoa titular da licenza deberá:

-Retirar os materiais sobrantes, as estadas, valas e barreiras.

-Construír ou repoñer o piso definitivo das beirarrúas.

-Repoñer ou reparar o pavimento da calzada ou praza, árbores ou zona verde, conducións ou redes de servizo e cantos outros elementos urbanísticos resultaran afectados polas obras de construción e non estiveran repostos ou reparados.

Subsidiariamente responderá destas obrigas a persoa propietaria do solo no que se executou a obra, se non coincide coa titular da licenza.

2º.- Nos casos de obras de edificación de nova construción sometidas á licenza e nos casos de intervencións de carácter total ou parcial en edificios existentes sometidos, da mesma maneira, a licenza, a persoa titular da mesma deberá solicitar a preceptiva licenza de primeira ocupación unha vez rematadas as obras.

ARTIGO 27. LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN

1º.- A licenza de primeira ocupación esixirase para a utilización dos edificios aos que se refire o apartado 2º do artigo 26 desta ordenanza.

2º.- A licenza de primeira ocupación ten como obxecto o de comprobar que as obras están completamente rematadas e se axustan á licenza de obras outorgada, así como ás condicións que se puideron impoñer na mesma e que, no seu caso, o promotor cumpriu o compromiso de realizar simultaneamente e, ao abeiro do proxecto de urbanización ou proxecto técnico, a urbanización esixida.

3º.- A persoa titular da licenza de obras solicitará a licenza de primeira ocupación acompañando a súa solicitude co certificado final de obra e, no seu caso, da urbanización, expedido por un/unha técnico competente, no que conste que as obras están completamente rematadas e se axustan á licenza outorgada ou, no seu caso, ao proxecto de urbanización.

Igualmente, achegarase xunto coa solicitude a seguinte documentación:

1. Solicitude debidamente cuberta acompañada de copia da licenza de obra/apertura concedida.

2. Pago de Taxas:

- Xustificante do pagamento das taxas e/ou impostos que correspondan en concepto de outorgamento de licenza de primeira ocupación.

- En caso de existir, xustificante do aboamento do ICIO correspondente á diferenza entre o orzamento de execución material do proxecto que serviu de base para a execución da licenza e o custo do realmente executado. (ou o custo estimado cando se produzan modificacións con aumentos de superficie)

- Documento acreditativo de que a obra foi dada de alta para os efectos do Imposto de bens inmobles.

3. Certificado Final de Obra, cos seguintes anexos e documentación da obra:

- Acta de replaneo e de comezo da obra.

- Acta de recepción de edificio terminado (asinada como mínimo por Promotor e Arquitecto) con relación doutros axentes intervinientes.

- Liquidación final de obra executada.

- Certificado de control de calidade.

- Certificado de eficiencia enerxética de edificio terminado.

- Declaración da entrega do libro do edificio polo redactor do proxecto ao promotor, e asinado por este.

- Así mesmo, o director da obra certificará que a edificación se realizou baixo a súa dirección, de conformidade co proxecto obxecto de licenza e a documentación técnica que o complementa, achándose disposta para a súa adecuada utilización con arranxo ás instrucións de uso e mantemento. Todo iso de conformidade co disposto no vixente código técnico da edificación.

4. Fotografías:

- Fotografías de tódalas fachadas da edificación.

- Fotografía interior do cuarto de instalacións, amosando todos os elementos da instalación.

5. Recepción das redes de instalación e urbanización de viario:

- Bolelín das instalacións de electricidade, auga e calefacción

- No caso de vivenda colectiva: Alta dos proxectos de telecomunicacións(*) e ventilación de garaxes.

(*)Certificado expedido pola Xefatura Provincial de Inspección de Telecomunicacións

- No caso de realizarse outras obras de urbanización: Certificado final das obras de urbanización que se acometeran simultaneamente coas de edificación, no que se fará constar que o edificio está dotado de servizos urbanísticos esixidos, ou a acta de recepción polo concello de terse efectuada con anterioridade:

6. Illamento acústico: Certificado realizado por empresa homologada de que a edificación cumpre coa normativa de protección contra a contaminación acústica e cos requisitos de illamento acústico recollidos no proxecto obxecto de licenza. Este certificado é imprescindible para os locais de hostelería e non resulta necesario no caso de vivendas unifamiliares illadas.

7. Escritura de división horizontal ou declaración de obra nova.

8. Ocupación parcial: No caso de licenza de ocupación parcial, informe de coordinador de seguridade e saúde respecto á posibilidade de fin de obra parcial.

4º.- Os servizos técnicos municipais inspeccionarán as obras de edificación e, de ser o caso, de urbanización realizadas, despois de comprobar a documentación que se achegou.

En ningún caso se poderá conceder a licenza de primeira ocupación a ningunha edificación se a obra urbanizadora non está debidamente concluída e apta para a súa recepción.

A concesión da licenza de primeira ocupación implicará a previa ou simultánea recepción da obra urbanizadora que no seu caso se tivera que realizar.



Concello de Vimianzo

5º.- Se se comproba que as obras de edificación ou urbanización non se atopan completamente finalizadas ou non se cumpriron as obrigas de reposición sinaladas no artigo 26.1 desta ordenanza, suspenderase o procedemento e requirirase a realización das obras necesarias para a finalización correcta das mesmas.

6º.- O remate das obras sen axustarse aos termos da licenza concedida ou, no seu caso, do proxecto de urbanización aprobado, dará lugar á denegación da licenza de primeira ocupación e ao inicio do pertencente procedemento para a reposición da legalidade infrinxida, sen prexuízo da apertura do procedemento sancionador correspondente.

7º.- Para conectarse aos servizos de abastecemento de auga, saneamento, electricidade, gas, telefonía ou outro servizo propio de edificacións, será necesaria a concesión da licenza de primeira ocupación para a súa contratación.

O Concello de Vimianzo, previa audiencia da persoa interesada, poderá ordenar o corte do subministro contratado sen a existencia previa da licenza de primeira ocupación.

CAPÍTULO II. COMUNICACIÓNS PREVIAS URBANÍSTICAS

Sección 1ª. Actos suxeitos e réxime xurídico

ARTIGO 28º. ACTOS SUXEITOS A COMUNICACIÓNS PREVIAS URBANÍSTICAS

1º.- Están suxeitos ao réxime de intervención municipal de comunicación previa todos os actos de ocupación, construción, edificación e de usos do solo e do subsolo non suxeitos á licenza e polo tanto non sinalados no artigo 9 desta ordenanza, ademais, en todo caso, os que así estableza a lexislación.

2º.- Tamén se someten ao réxime de comunicación previa os cambios de titularidade de calquera acto de usos do solo ou do subsolo, autorizado mediante licenza urbanística ou por comunicación previa, debendo comunicarlo por escrito ao Concello aquela persoa que vaia a exercer a nova titularidade.

ARTIGO 29º. EFECTOS DA PRESENTACIÓN DA COMUNICACIÓN PREVIA

1º.- A presentación dunha comunicación previa constitúe un título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo e do subsolo que se comunican unha vez que transcorra o prazo de quince días hábiles, contados dende a súa data de entrada con toda a documentación completa, no Rexistro municipal, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección que efectúe o Concello de Vimianzo.

2º.- Dentro do prazo dos quince días hábiles, sinalado no apartado anterior, o Concello de Vimianzo poderá declarar completa a documentación presentada ou requirir a subsanación das deficiencias que presente a mesma, en cuílo caso quedará sen efecto o dito prazo para o inicio das obras, que se reiniciará unha vez que se presente a documentación requirida ou coas deficiencias subsanadas.

3º.- A presentación dunha comunicación previa non producirá efectos nos seguintes casos:

A) Cando a comunicación previa se presente sen a documentación que deba acompañala ou sen a cesión de solo á que se refire o apartado 1º do artigo 18 desta ordenanza.

B) Cando o acto pretendido que se comunica estea suxeito á licenza municipal.

C) Cando, para a execución das obras, foran preceptivos informes ou autorizacións previas doutros organismos públicos que non se acheguen no momento de presentar a comunicación.

D) Cando a actuación que se pretenda sexa contraria á normativa de aplicación.

4º.- A inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial en calquera dato, manifestación ou documento que acompañe á comunicación previa comportará, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficiencia da comunicación efectuada e a imposibilidade de iniciar ou de continuar co exercicio do dereito a executar as obras dende o momento no que se coñeza, sen prexuízo das responsabilidades administrativas, penais ou civís que procederan.

ARTIGO 30. RESPONSABILIDADES

1º.- O persoal técnico que asine a documentación técnica que se achegue cunha comunicación previa son responsables da súa calidade e de que se axuste ás normas que sexan aplicables en cada caso.

2º.- O persoal técnico que asine certificacións ou declaracións que se acheguen cunha declaración previa será responsable da exactitude e da veracidade do seu contido.

3º.- A persoa titular dos dereitos derivados dunha comunicación previa está obrigado a realizar as obras nas condicións contidas na documentación presentada.

ARTIGO 31. ALCANCE DO CONTROL INICIAL DA COMUNICACIÓN PREVIA

1º.- No prazo dos quince días hábiles seguintes ao da presentación dunha comunicación previa urbanística, a actuación municipal circunscribírase estrictamente á comprobación da integridade formal e da suficiencia legal da documentación presentada para poder declarar completa a mesma, para os efectos de poder iniciar as obras comunicadas, así como a comprobación de que se cumpren os requisitos esixidos na normativa e no planeamento urbanístico, sen prexuízo do control posterior.

2º.- A intervención municipal sobre a comunicación previa non controlará, en ningún caso, os aspectos técnicos relativos á seguridade estrutural das construcións, as condicións de montaxe das instalacións ou a calidade dos elementos ou materiais empregados, cuxa responsabilidade é exclusiva do proxectista, da dirección técnica, do promotor ou da empresa construtora ou instaladora.

Sección 2ª. Procedemento de comunicacións previas urbanísticas

ARTIGO 32. REGULACIÓN DO PROCEDEMENTO

Os actos de control e intervención da administración municipal nos supostos previstos no artigo 28 desta ordenanza axustaranse ao seguinte procedemento:

A) A comunicación previa deberá efectuarse nos modelos oficiais que se publiquen na Sede electrónica municipal ou a través das plataformas habilitadas para este efecto pola Administración autonómica ou a Administración xeral do Estado. Con estas solicitudes achegarse a documentación que lle corresponda en cada caso e que se detalla igualmente na Sede electrónica municipal.

B) A comunicación previa formularase a pedimento de calquera persoa interesada en iniciar unha obra ou a través dun representante autorizado e poderá presentarse en calquera dos rexistros sinalados no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de Réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común, telematicamente a través da Sede electrónica municipal ou a través de plataformas habilitadas para o efecto pola Administración autonómica ou a Administración xeral do Estado. Se a presentación da solicitude e o resto da documentación se efectúa en soporte papel o proxecto técnico que se achega, se fora necesario, tamén terá que presentarse, en calquera caso, en soporte dixital en formato PDF. Se o proxecto foi visado electronicamente por un colexio profesional que permita o acceso a súa plataforma será suficiente coa presentación do código do proxecto e da autorización do/a cidadán para o acceso dende o Concello.

C) A presentación do impreso normalizado acompañado de toda a documentación esixida no Rexistro municipal de Vimianzo determinará o inicio do procedemento, rexíndose o mesmo, así como a ordenación, instrución e terminación do mesmo, polas disposicións do Título VI da Lei 30/1992, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou da norma que a substitúa.

D) A persoa promotora dos actos de usos do solo e do subsolo deberalle comunicar ao Concello de Vimianzo a intención de desenvolverlos cunha antelación mínima de quince días hábiles ao da data na que pretenda levar a cabo ou comezar a súa execución.

ARTIGO 33. TRAMITACIÓN DA COMUNICACIÓN PREVIA URBANÍSTICA

Unha vez que se presente a comunicación previa a súa tramitación axustarase ás seguintes regras:

1. Cando a actuación comunicada posúa toda a documentación esixida a comunicación previa producirá plenos efectos xurídicos, polo que, unha vez que transcorra o prazo de quince días hábiles sinalado no apartado 1º do artigo 29 desta ordenanza será un título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo e do subsolo suxeitos á mesma sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección.

Neste caso o Servizo de urbanismo emitirá un informe e ditarase unha resolución mediante a que se declara completa a documentación presentada -que lle será notificada á persoa solicitante- o que permitirá que o persoal técnico municipal poida visitar e inspeccionar a obra para comprobar que se axusta á documentación presentada e á normativa aplicábel.

2. Cando a comunicación que se presentou e/ou a documentación que se lle xuntou sexa insuficiente ou incorrecta, dentro do prazo dos quince días seguintes á súa presentación, requiriráselle á persoa interesada para que se absteña de iniciar a actuación e concederáselle un prazo de dez días para subsanar as deficiencias detectadas indicándolle, que se non o fixese así, entenderase que desistiu da súa comunicación, arquivándose o expediente sen máis trámite, ao abeiro do previsto na lexislación reguladora do procedemento administrativo común e sen prexuízo, no seu caso, da tramitación dos correspondentes procedementos de reposición da legalidade e sancionador.

Neste caso o prazo de quince días para o inicio das obras quedará sen efecto, debendo reiniciarse como se sinala no artigo 29.2 desta ordenanza.

3. Transcorrido o prazo de quince días hábiles dende a presentación da comunicación previa sen que se lle requirira á persoa interesada a corrección de posibles deficiencias que puideran existir, poderanse iniciar as obras comunicadas, sen que a inactividade da Administración implique enmenda dos defectos ou das



irregularidades que presente o contido da comunicación ou da comunicación que se lle achega nin os que poida presentar a obra ou a actuación obxecto da comunicación.

4. Se unha vez que o Servizo de urbanismo examinara a documentación presentada detectara que o contido da mesma non se axusta á normativa de aplicación ou ao planeamento urbanístico en vigor, emitirá un informe nese sentido e ditará unha resolución notificándolle esta circunstancia á persoa comunicante e indicando que debe absterse de iniciar a obra ou, no seu caso, que debe suspender a súa execución de maneira inmediata, iniciándose un expediente de reposición da legalidade, coa pertinente audiencia á persoa interesada.

ARTIGO 34. AUTORIZACIÓNS SECTORIAIS

As actuacións que se pretendan desenvolver en terreos, construcións ou instalacións que precisen de autorizacións ou informes sectoriais de outras entidades ou administracións públicas, conforme á normativa sectorial de aplicación, deberán ser achegadas coa comunicación previa que se presente.

Nos supostos nos que non se presente a preceptiva autorización ou informe sectorial a comunicación previa non producirá ningún efecto non podendo iniciarse a obra pretendida.

ARTIGO 35. PRAZOS PARA EXECUTAR AS OBRAS

1º As obras que se comunican deberán iniciarse no prazo máximo de seis meses, comezando a contar ao día seguinte a aquel no que finalice o prazo de quince días sinalado no apartado 1º do artigo 29 desta ordenanza e deberán estar rematadas nun prazo máximo dun ano que comezará a contar na mesma data.

2º Os ditos prazos poderán prorrogarse a través dunha nova comunicación na que así se indique sempre que sexa formulada antes do remate dos mesmos e sempre que as obras sexan conformes coa ordenación urbanística vixente no momento no que se comunique a prórroga do prazo.

En calquera caso, a prórroga non poderá ser por prazos superiores aos establecidos no apartado anterior para o inicio e para a finalización das obras.

ARTIGO 36º. EXTINCIÓN E CADUCIDADE DAS COMUNICACIÓNS PREVIAS URBANÍSTICAS

1º.- O título habilitante para o exercicio dos dereitos derivados das comunicacións previas extinguirase debido ás mesmas causas que as establecidas para as licenzas urbanísticas.

No caso da colocación de carteis ou valos publicitarios o título habilitante extinguirase aos dous anos que comezarán a contar a partir do día seguinte a aquel no que remate o prazo de quince días sinalado no apartado 1º do artigo 29 desta ordenanza. Este prazo poderase prorrogar por outro período da mesma duración despois dunha nova comunicación previa que así o indique e que deberá presentarse antes da conclusión daquel e sempre que a instalación sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento no que se comunique a prórroga do prazo. Rematada a vixencia desta instalación a persoa promotora deberá desmontar a mesma no prazo dun mes.

2º.- Unha vez transcorridos e incumpridos calquera dos prazos mencionados no artigo anterior declararase a caducidade da comunicación previa, previa audiencia da persoa interesada.

3º.- A declaración de caducidade extinguirá os efectos da comunicación previa, non podendo iniciarse nin proseguir as obras agás para traballos de seguridade e mantemento, que lle serán comunicados ao Concello para o seu control.

Declarada a caducidade da comunicación previa a persoa interesada poderá presentar unha nova que se tramitará ao abeiro da normativa e da ordenación urbanística vixentes na data da nova presentación.

Sección 3ª. Execución das obras

ARTIGO 37º. ALIÑACIÓNS DE PECHES

Se as obras que se comunican se refiren á construción de peches de parcela que lindan coa vía pública, antes do inicio da obra a persoa interesada deberá solicitarlle ao Servizo de urbanismo do Concello que fixe sobre a parcela a aliñación e a implantación, que subscribirán, por duplicado, o comunicante da obra e persoal técnico municipal do dito Servizo de urbanismo.

ARTIGO 38º. DOCUMENTACIÓN NO LUGAR DA OBRA

Será requisito indispensable en todas as obras o de dispoñer, a pé de obra, dunha copia autorizada da acta de implantación para as obras ás que se refire o artigo anterior desta ordenanza.

ARTIGO 39º. MODIFICACIÓNS NA EXECUCIÓN DAS OBRAS COMUNICADAS

As características e dimensións das obras que se realicen non excederán das comunicadas, considerándose como infracción urbanística caquera extralimitación na que se incorra. Cando se pretendan realizar modificacións durante a execución da obra deberaselle comunicar ao Concello este feito novamente, cos mesmos requisitos que a comunicación inicial.

ARTIGO 40º. OBRIGAS DA PERSOA COMUNICANTE DAS OBRAS

1º.- A comunicación previa das obras non supón autorización para a ocupación da vía pública ou doutros espazos públicos con materiais de construción, estadas, maquinaria, grúas, ou calquera ferramenta ou instrumento, xa que isto deberá ser obxecto da correspondente solicitude de licenza para a súa autorización, se procede.

2º.- Dentro dos cinco días seguintes á conclusión dunha obra a persoa comunicante da mesma deberá:

A) Retirar os materiais sobrantes e as estadas, valas e barreiras.

B) Repoñer ou reparar o pavimento das beirarrúas, calzada, praza, arbolado ou zona verde, conducións ou redes de servizo e cantos elementos urbanísticos resultasen afectados polas obras executadas se xa non os tivera repostos ou reparados.

Subsidiariamente responderá destas obrigas a persoa propietaria do solo no que se executara a obra, se non coincide coa persoa comunicante da mesma.

TÍTULO III. COMUNICACIÓNS PREVIAS E LICENZAS DE ACTIVIDADES E APERTURA DE ESTABLECIMENTOS

CAPÍTULO I. COMUNICACIÓNS PREVIAS DE ACTIVIDADES

Sección 1ª. Actividades suxeitas e réxime xurídico

ARTIGO 41º. ACTIVIDADES SUXEITAS A COMUNICACIÓN PREVIA

1º.- Estarán sometidas ao procedemento de comunicación previa a instalación, implantación, apertura ou exercicio de calquera actividade económica, empresarial, profesional, industrial ou comercial que se desenvolva no termo municipal de Vimianzo agás as actividades recreativas e espectáculos públicos aos que se refire o Capítulo II do Título III desta ordenanza.

2º.- Tamén se someten ao réxime de comunicación previa os cambios de titularidade de calquera actividade ou establecemento, aínda que estea autorizado por licenza ou sometido ao réxime de comunicación previa, debendo a persoa que vaia a exercer a nova titularidade de comunicarllo ao Concello por escrito.

ARTIGO 42º. EFECTOS DA PRESENTACIÓN DA COMUNICACIÓN PREVIA

1º.- A comunicación previa presentada cumprindo todos os requisitos constitúe título habilitante para o inicio da actividade ou apertura do establecemento que se comunica, polo que unha vez que a comunicación previa se registre neste concello, con toda a documentación completa, a persoa titular da actividade poderá comezar a exercela, sen prexuízo das facultades de comprobación, control e inspección que lle corresponden ao Concello.

2º.- A presentación dunha comunicación previa non producirá efectos nos seguintes casos:

A) Cando a comunicación previa se presente sen os documentos que deben acompañala para cada caso ou sen a cesión á que se refire o apartado 1º do artigo 18 desta ordenanza.

B) Cando a actividade pretendida que se comunica esta suxeita á licenza municipal.

C) Cando para o inicio da actividade foran preceptivos informes ou autorizacións previos doutros organismos públicos e non se acheguen no momento de formular a solicitude.

D) Cando a actividade pretendida sexa contraria á normativa de aplicación.

E) Cando a actividade pretendida leve parella a necesidade de obra previa e esta non fora comunicada ou careza de licenza, no caso de que fora necesaria.

3º.- O incumprimento das condicións da comunicación previa ou dos requisitos sinalados na lexislación aplicábel ou nesta ordenanza determinará a imposibilidade de continuar exercendo a actividade. A resolución que declare estas circunstancias ordenará a inmediata suspensión da actividade exercida e iniciará o pertinente expediente para a reposición da legalidade infrinxida.

4º.- A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que acompañe á documentación previa levará parella a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e a imposibilidade de exercer o dereito ou a actividade afectada dende o momento no que se coñeza, sen prexuízo das responsabilidades administrativas, penais ou civís que corresponderan.



ARTIGO 43. RESPONSABILIDADES

1º.- O persoal técnico que asine a documentación técnica ou as certificacións ou declaracións que acompañen a unha comunicación previa de actividade será responsable co alcance que se recolle nos apartados 1º e 2º do artigo 30 desta ordenanza.

2º.- A persoa titular dos dereitos derivados dunha comunicación previa está obrigada a exercer a actividade nas condicións que contén a documentación presentada.

Sección 2ª. Procedementos de comunicacións previas de actividade

ARTIGO 44. REGULACIÓN DO PROCEDEMENTO

Os actos de control e intervención da Administración municipal nas actividades suxeitas a comunicación previa axustarase ao seguinte procedemento:

A) A comunicación previa deberá efectuarse no modelo normalizado que se pública na Sede electrónica municipal ou a través de plataformas habilitadas para os efectos pola Administración autonómica ou a Administración xeral do Estado.

B) Estas solicitudes deberán ir acompañadas da documentación que corresponda en cada caso e que se sinala, da mesma maneira, na Sede electrónica municipal.

C) A comunicación previa formularase a instancia de calquera persoa interesada en iniciar unha actividade ou a través dun representante autorizado, e poderá presentarse en calquera dos rexistros sinalados no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou telematicamente a través da Sede electrónica municipal ou a través das plataformas habilitadas para os efectos pola Administración autonómica ou a Administración xeral do Estado.

D) A presentación do impreso normalizado no Rexistro municipal de Vimianzo, acompañado de toda a documentación esixida, determinará a iniciación do procedemento, rexíndose a mesma, así como a ordenación, instrución e remate deste polo disposto no Título VI da Lei 30/1992, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común ou na norma que a substitúa.

ARTIGO 45. TRAMITACIÓN DA COMUNICACIÓN PREVIA DE ACTIVIDADE

Unha vez rexistrada de entrada unha comunicación previa de actividade o Concello analizaráa xunto coa documentación que a acompañe seguindo as seguintes regras para a súa tramitación:

1. Cando a actividade comunicada veña acompañada de toda a documentación esixida para cada caso, a comunicación previa producirá plenos efectos xurídicos dende a data da súa presentación, constituíndose como título habilitante para o inicio da actividade ou apertura do establecemento, co alcance previsto no artigo 42.1 desta ordenanza.

Neste caso o Servizo de urbanismo emitirá un informe e ditarase unha resolución mediante a que se declara completa a documentación presentada –que lle será notificada á persoa solicitante– que permitirá que o persoal técnico municipal poida visitar e inspeccionar a obra para comprobar se se axusta á documentación presentada e á normativa aplicábel.

2. Para o caso de que non se presente a documentación esixida o Concello requiriralle á persoa interesada para que no prazo de dez días proceda a subsanar as deficiencias detectadas, con indicación de que se non o fixera considerárase que desistiu da súa comunicación, arquivándose o expediente sen máis trámite, ao abeiro do previsto na lexislación reguladora do procedemento administrativo común debendo proceder ao peche da actividade se xa a iniciara.

Actuarase da mesma maneira se a documentación presentada fora a esixida pero nela se detectaran imprecisións ou deficiencias de escasa entidade.

3. Se o Servizo de urbanismo, despois de examinar a documentación presentada, detectara que o seu contido non se axusta á normativa de aplicación ou ao planeamento urbanístico en vigor, emitirá un informe neste senso e notificaráselle mediante unha resolución á persoa comunicante indicándolle que debe de absterse de iniciar a obra ou, de ser o caso, que debe suspender de maneira inmediata a súa execución, iniciándose un expediente de reposición da legalidade, previa audiencia da persoa interesada.

ARTIGO 46. AUTORIZACIÓNS SECTORIAIS E DECLARACIÓN DE INCIDENCIA AMBIENTAL

As actividades que se pretendan desenvolver e que precisen de autorizaciós ou informes sectoriais doutras entidades ou administracións públicas ou de declaración de incidencia ambiental, necesitarán que estes se xunten coa comunicación previa que se presente.

Nos supostos nos que non se presente a preceptiva autorización ou informe sectorial ou declaración de incidencia ambiental coa comunicación previa esta non producirá ningún efecto, non podéndose, debido a isto, iniciar ou exercer a actividade pretendida.

ARTIGO 47. SUPOSTOS DE SIMULTANEIDADE DE OBRAS E ACTIVIDADES

Se para desenvolver unha actividade sometida a comunicación previa é precisa a realización de unha obra, a documentación que se esixe que acompañe á comunicación previa de actividade deberá presentarse coa comunicación previa de obra ou coa solicitude da licenza de obra, se fora necesaria.

Unha vez concluída a obra presentarase a comunicación previa para o inicio da actividade ou a apertura do establecemento.

ARTIGO 48. PRAZOS PARA O INICIO DA ACTIVIDADE

1º.- A actividade que se comunica deberá iniciarse no prazo máximo de seis meses, contados a partir do día seguinte ao da presentación no Rexistro municipal da comunicación previa con toda a documentación esixida ou da comunicación previa para o inicio da actividade se houbera obras.

2º.- O dito prazo poderá prorrogarse a través dunha nova comunicación na que se solicite, sempre que esta se presente antes da conclusión do dito prazo, sexa por un prazo non superior ao indicado no apartado anterior e que a actividade sea conforme coa ordenación urbanística e normativa vixentes no momento no que se comunique a prórroga do prazo.

ARTIGO 49. EXTINCIÓN E CADUCIDADE DAS COMUNICACIÓNS PREVIAS DE ACTIVIDADE

1º.- O título habilitante para o exercicio dos dereitos derivados das comunicacións previas extingúirase polas mesmas causas que as establecidas para as licenzas de actividade.

2º.- O título habilitante que comporta a presentación dunha comunicación previa de actividade con toda a documentación requirida poderá declararse caducado nos seguintes casos:

A) Cando a actividade non se inicie nos seis meses seguintes á data de rexistro de entrada municipal da comunicación previa formulada debidamente.

B) Cando a actividade non se desenvolva durante un tempo ininterrompido superior a un ano.

3º.- En todo caso, a declaración de caducidade dunha comunicación previa realizarase mediante a instrucción do pertinente expediente con audiencia á persoa interesada.

4º.- A declaración de caducidade extinguirá os efectos da comunicación previa, non podéndose iniciar nin proseguir a actividade até que se presente unha nova comunicación previa axustada á normativa e á ordenación urbanística en vigor.

ARTIGO 50. DOCUMENTACIÓN NO LUGAR DA ACTIVIDADE

Será requisito necesario, para todos os establecementos ou actividades, o de dispoñer nun lugar visíbel dunha copia autorizada da comunicación co selo do Rexistro de entrada municipal.

ARTIGO 51. MODIFICACIÓNS NA ACTIVIDADE

Cando se vaia a producir calquera modificación nas condicións ou características da actividade do establecemento este feito deberáselle comunicar ao Concello con anterioridade e deberanse cumprir os mesmos requisitos que na comunicación inicial.

CAPÍTULO II. LICENZAS DE ACTIVIDADE

Sección 1ª. Actividades suxeitas e réxime xurídico

ARTIGO 52º. ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E ACTIVIDADES RECREATIVAS

Se ben a apertura de establecementos públicos para actividades recreativas ou para espectáculos públicos ou a organización destes últimos están sometidas ao réxime de comunicación previa previsto na lexislación e nesta ordenanza, as seguintes actividades, atendendo á concurrencia de razóns de interese xeral, precísaran, para o seu exercicio, da obtención previa de licenza municipal:

1. A apertura de establecementos e o desenvolvemento de espectáculos públicos ou actividades recreativas que se desenvolvan en establecementos públicos cunha capacidade superior a 500 persoas ou que presenten unha situación especial de risco, ao abeiro do disposto na normativa técnica en vigor.

2. A instalación de terrazas ao aire libre ou na vía pública anexas a un establecemento.

3. O desenvolvemento de espectáculos e actividades extraordinarias e, en todo caso, os que requiran da instalación de escenarios e estruturas móbiles.



- O desenvolvemento de espectáculos públicos e actividades recreativas ou deportivas que se desenvolvan ademais de neste termo municipal noutro colindante.
- O desenvolvemento de espectáculos e festexos taurinos.
- A apertura de establecementos e o desenvolvemento de espectáculos públicos ou actividades recreativas cando a súa normativa específica esixa a concesión da autorización.

ARTIGO 53. FINALIDADE DAS LICENZAS DE ACTIVIDADE

1º.- A licenza de actividade ten como finalidade a de comprobar que as actividades sinaladas no artigo anterior se axustan ao ordenamento urbanístico e que reúnen as condicións esixibles de seguridade, salubridade e accesibilidade.

2º.- Non se poderá iniciar ningunha actividade sometida ao réxime de licenza sen que se obtivera previamente esta.

ARTIGO 54. ALCANCE DO CONTROL MUNICIPAL

A intervención municipal a través da licenza de actividade non comprende o control dos aspectos técnicos relativos á seguridade estrutural e ás condicións de montaxe das instalacións ou da calidade dos elementos e materiais empregados, cuxa responsabilidade é exclusiva do proxectista, da dirección técnica, da promotora ou da empresa instaladora.

Sección 2ª. Procedemento para o outorgamento de licenzas de actividade

ARTIGO 55. SOLICITUDE DA LICENZA

1º.- Con anterioridade á apertura dun establecemento público ou ao inicio dun espectáculo público ou dunha actividade recreativa relacionados no artigo 52 desta ordenanza, a persoa que vaia a exercer a súa titularidade ou encargarse da súa organización deberá presentar no Concello unha solicitude de licenza cuxo modelo oficial se publique na Sede electrónica municipal ou a través de plataformas habilitadas para o efecto pola Administración autonómica ou pola Administración xeral do Estado.

Se a presentación da solicitude e do resto da documentación se efectúa en soporte papel, o proxecto técnico que se achegue, se este proxecto fora necesario, terase que presentar tamén, e en todo caso, nun soporte dixital formato PDF. Se o proxecto foi visado electronicamente por un colexio profesional que permita o acceso á súa plataforma, será suficiente coa presentación do código do proxecto e da autorización do/a cidadán para o acceso dende o Concello.

2º.- A presentación das solicitudes e documentación requirida deberá efectuarse a través de calquera dos rexistros sinalados no artigo 38.4 da Lei 30/92, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, telemáticamente a través da sede electrónica municipal ou a través de plataformas habilitadas ao efecto pola Administración Autonómica ou a Administración Xeral do Estado.

ARTIGO 56. TRAMITACIÓN

1º.- As solicitudes de licenzas de actividade tramitaranse de acordo coa lexislación reguladora do procedemento administrativo común coas especialidades contidas na lexislación local, na urbanística e na sectorial e coas contidas nesta ordenanza.

2º.- A solicitude de licenza só comezará a producir efectos dende o momento no que o correspondente escrito, coa documentación completa esixida en cada caso, entrara no Rexistro municipal.

ARTIGO 57º. SUBSANACIÓN DE DEFICIENCIAS E MELLORA DA SOLICITUDE

Se os servizos municipais detectaran omisións, deficiencias ou imprecisións na solicitude da licenza ou na documentación que se lle xuntou terase en conta o establecido no artigo 14 desta ordenanza.

ARTIGO 58. MODIFICACIÓNS NA ACTIVIDADE PARA A QUE SE SOLICITA LICENZA

Se antes de que se concedera a licenza se pretenderan modificacións no proxecto técnico ou na documentación presentada e estas modificacións alterasen determinacións da actividade pretendida que afectasen á seguridade, salubridade ou accesibilidade, a persoa interesada deberá, previo desistimento da licenza solicitada, solicitar unha nova licenza que se tramitará ao abeiro da normativa vixente na data da nova solicitude.

ARTIGO 59. AUTORIZACIÓNS SECTORIAIS E DECLARACIÓN DE INCIDENCIA AMBIENTAL

1º.- As actividades que precisen, ademais da licenza municipal, de autorizacións ou informes sectoriais doutras entidades ou administracións públicas ou de declaración de incidencia ambiental conforme á

normativa sectorial de aplicación, necesitarán ser achegadas previamente á concesión, se procede, da licenza de actividade.

2º.- No caso de que non se presente a preceptiva autorización ou informe sectorial ou declaración de incidencia ambiental atenderase ao previsto no apartado 2º do artigo 16 desta ordenanza.

ARTIGO 60. INFORMES

Tendo en conta a documentación presentada e ao abeiro da normativa de aplicación, os servizos municipais emitirán un informe urbanístico acerca do uso e das obras proxectadas e un informe correspondente ás instalacións e acerca do cumprimento da normativa sectorial de aplicación. Concluídas as actuacións emitirase o preceptivo informe xurídico.

ARTIGO 61. RESOLUCIÓN

1º.- Unha vez que o expediente estea completo e estea formulada a proposta de resolución, esta trasladaráselle ao órgano competente para que a resolución lle poña fin ao procedemento.

A resolución poderá adoptar unha das seguintes formas: concesión pura e simple da licenza, concesión da licenza condicionada ao cumprimento de determinados requisitos ou denegación da licenza.

Toda resolución que denegue a licenza deberá ser debidamente motivada con referencia explícita ás normas ou ás determinacións do planeamento urbanístico que se incumpran.

2º.- A tramitación da solicitude de licenza non poderá exceder de tres meses, contados dende a presentación da solicitude, coa documentación que se achegue completa, no Rexistro do Concello ata a resolución municipal.

Os requirimentos de documentación, subsanación de deficiencias ou imprecisións e de informes ou autorizacións sectoriais suspenderán o prazo establecido para resolver o solicitado, que volverá a computar cando se acheguen os documentos solicitados.

3º.- O transcurso do prazo de tres meses establecido para a concesión da licenza de actividade determinará a súa adquisición por silencio administrativo se consta que se achegou a documentación completa esixida e a pretensión se axusta á normativa de aplicación no momento da solicitude, agás as solicitudes para a instalación de terrazas en terreos de uso público nas que o silencio administrativo será negativo.

ARTIGO 62. SUPPOSTOS DE SIMULTANEIDADE DE OBRAS E ACTIVIDADES

1º.- Se para o inicio dunha actividade sometida a licenza é precisa a realización dunha obra igualmente sometida ao réxime de licenza solicitaranse simultaneamente e concederanse nun único acto administrativo, sen prexuízo da formación e tramitación simultánea de pezas separadas para cada intervención administrativa.

A proposta de resolución da solicitude da licenza de actividade terá prioridade sobre a correspondente á licenza urbanística. Se procede denegar a primeira, notificaráselle así á persoa interesada e non será necesario resolver acerca da segunda.

2º.- Se a actividade pretendida se atopa sometida ao réxime de licenza e foran precisas para a súa posta en marcha a realización de obras que se atopan sometidas ao réxime de comunicación previa, esta última presentarase simultaneamente coa solicitude da licenza de actividade pero non adquirirá eficacia mentres non se obtéña a preceptiva licenza que habilite a implantación da actividade.

En ningún caso a execución de obras en réxime de comunicación previa vinculadas ao desenvolvemento dunha actividade sen obter licenza para a mesma xerará responsabilidade da Administración municipal.

3º.- Unha vez rematadas as obras, ben estean sometidas ao réxime de licenza ou ao de comunicación previa, presentarase no Concello unha comunicación previa para o inicio da actividade.

ARTIGO 63. PRAZOS PARA O INICIO DA ACTIVIDADE E VIXENCIA DAS LICENZAS

1º.- A actividade para a que se concede a licenza deberá iniciarse no prazo máximo de seis meses, contados dende a data da notificación da resolución da concesión da mesma ou a partir da data de presentación no Rexistro municipal da comunicación previa para o inicio da actividade no caso de que houbera obras.

2º.- As licenzas dos establecementos abertos ao público concédense por tempo indefinido, agás que unha disposición ou a propia licenza establezan expresamente o contrario e, sen prexuízo dos efectos dos controis e das revisións periódicas ás que sexan sometidos os establecementos.

3º.- As licenzas para o desenvolvemento de espectáculos públicos ou actividades recreativas terán a mesma vixencia que a dos espectáculos ou actividades autorizados.



Concello de Vimianzo

4º.- As licencias para a instalación de terrazas en terreos de uso público outorgaríanse por anos naturais prorrogables por iguais períodos de tempo, se ben tamén se poderán solicitar por períodos mínimos dun mes.

ARTIGO 64. EXTINCIÓN DAS LICENZAS DE ACTIVIDADE

As licenzas de actividade extinguíranse debido aos seguintes motivos:

- A) Por caducidade
- B) Por revogación
- C) Por renuncia da persoa titular, comunicada por escrito ao Concello e declarada por este.
- D) Por finalizar o espectáculo público ou a actividade recreativa para os que se concedeu a licenza
- E) Por cumprirse o prazo ao que estaba sometido o espectáculo público ou a actividade recreativa se así se establecera na licenza.
- F) Por resolución xudicial ou administrativa a través dos procedementos de revisión de oficio regulados na lexislación administrativa.

ARTIGO 65. CADUCIDADE E REVOCACIÓN DAS LICENZAS DE ACTIVIDADE

1º.- Poderá declararse a caducidade das licenzas de actividade nos seguintes supostos:

A) Cando a actividade non se inicie durante os seis meses seguintes, contados dende a data de notificación da licenza ou a partir da data de presentación no Rexistro municipal da comunicación previa para o inicio da actividade se houbera obras.

B) Cando non se desenvolva a actividade durante un tempo ininterrompido superior a un ano.

O prazo para o inicio da actividade poderá prorrogarse a través dunha comunicación previa na que así se indique, sempre que se presente antes da conclusión daquel, que sexa por un prazo non superior a seis meses e que a actividade sexa conforme coa ordenación urbanística e a normativa vixentes no momento no que se comunique a prórroga do prazo.

2º.- A declaración de caducidade dunha licenza de actividade realizarase a través da instrución do pertinente expediente, con audiencia á persoa interesada.

3º.- A declaración de caducidade extinguirá os efectos da licenza de actividade, non sendo posíbel iniciar nin proseguir a actividade até que se solicite e obteña unha nova licenza axustada á normativa e á ordenación urbanística vixentes.

4º.- As licenzas de actividade poderán revogarse nos seguintes supostos:

A) Por incumprimento das condicións ou requisitos ao abeiro dos que foron outorgadas.

B) Por modificarse substancialmente ou desaparecieren as circunstancias que determinaron o su outorgamento ou sobrevir outras novas que, no caso de existiren, terían comportado a súa denegación.

C) Por sanción, ao abeiro do disposto na Lei 9/2013, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia ou da norma que a substitúa.

D) Por falta de adaptacións aos novos requirimentos, establecidos nas normas, dentro dos prazos previstos con esta finalidade.

5º.- A revogación será declarada despois da tramitación do pertinente expediente con audiencia á persoa interesada.

6º.- Tanto a declaración de caducidade como a revogación das licenzas de actividade non xerarán dereito a indemnización.

ARTIGO 66º. DOCUMENTACIÓN NO LUGAR DA ACTIVIDADE

Será requisito necesario en todos os establecementos ou lugares nos que se exerza a actividade sometida á licenza o de dispoñer, nun lugar visíbel, dunha copia autorizada da licenza de actividade concedida.

ARTIGO 67. MODIFICACIÓNS NA ACTIVIDADE

Calquera modificación nas condicións ou características da actividade ou do establecemento sometido á licenza municipal requirirá da solicitude e obtención previa de licenza.

TÍTULO IV. CONTROL SUPERIOR SOBRE OBRAS E ACTIVIDADES

ARTIGO 68. OBXECTO

1º.- A Administración municipal está obrigada a exercer de maneira permanente e continuada as funcións de comprobación, vixilancia, control e inspección sobre as obras e actividades que se desenvolvan no termo municipal, ben estean suxeitas ao réxime de licenza, para verificar a efectiva adecuación das mesmas á

normativa, sen prexuízo dos procedementos de reposición da legalidade e sancionador que, no seu caso, poidan iniciarse.

2º.- O persoal municipal adscrito ás funcións de control, inspección e vixilancia urbanística, no exercicio das súas funcións, terá a consideración de axente da autoridade e gozará do estatuto regulado na lexislación urbanística.

3º.- A Administración municipal poderá, en calquera momento, de oficio, por petición razoada doutras administracións ou por denuncia, efectuar visitas de control e inspección das obras, establecementos e actividades reguladas nesta ordenanza dende que se presenten as comunicacións previas ou se outorguen as pertinentes licenzas.

ARTIGO 69. PROCEDEMENTO DE CONTROL E INSPECCIÓN

1º.- Nas comunicacións previas de obras ou actividades a actuación de control iníciarase coa comprobación do contido da documentación que se achegue.

2º.- Á marxe do control documental iniciado no apartado anterior a Administración municipal procederá, a través dos funcionarios habilitados para tal efecto, á inspección das obras, establecementos e actividades suxeitos á esta ordenanza, co obxecto de verificar a súa adecuación ás comunicacións previas presentadas e/ou ás licenzas outorgadas e á normativa que lles sexa aplicábel, levantando acta da súa comprobación.

3º.- A acta de comprobación é aquel documento que se expide coa finalidade de recoller o resultado das actuacións de inspección e de verificación de que se cumpren os requisitos esixidos e expedirase por duplicado, sendo as dúas asinadas polo persoal inspector e, no seu caso, pola persoa ante a que se expida e a que se lle entregará un exemplar da mesma. Cando esta persoa se negase a subscribila farase constar esta circunstancia.

4º.- As actas de comprobación ostentan o carácter de documento público, gozan de presunción de veracidade e constitúen proba dos feitos reflectidos nelas, sen prexuízo das probas que en defensa dos seus dereitos poidan presentar as persoas interesadas.

5º.- Se levantando a acta de comprobación se detectara que a obra ou actividade se está exercendo ou se realizou sen axustarse ás determinacións sinaladas na licenza ou na comunicación previa, emitirase un informe cunha proposta de resolución dispoñendo a suspensión inmediata dos ditos actos, se estes se estiveran desenvolvendo, e a apertura dun expediente de reposición da legalidade, sen prexuízo do sancionador.

6º.- Non obstante o establecido no apartado anterior se a acta de comprobación se refire a unha actividade con comunicación previa presentada ou con licenza de actividade outorgada e nela se reflicten incumprimentos das determinacións da documentación técnica comunicada ou ao abeiro da que se concedeu a licenza, que son corríxibles sen requirir da elaboración dunha nova documentación técnica, emitirase un informe cunha proposta de resolución concedendo un prazo de 15 días para corrír as deficiencias detectadas.

Trancorrido o dito prazo sen que se corríxiran esas deficiencias e así se faga constar nunha nova acta de comprobación, adoptaranse as medidas previstas no apartado anterior deste artigo.

7º.- O feito de que se levante unha acta de comprobación non é impedimento para que o Concello, no exercicio das facultades de control e inspección que ten atribuídas, realice con posterioridade as visitas de comprobación que estime oportunas.

ARTIGO 70. CONTIDO DA ACTA DE COMPROBACIÓN

Toda acta de comprobación terá o seguinte contido mínimo:

- A) Identificación da obra e/ou do establecemento e actividade.
- B) Identificación da persoa promotora da obra ou da actividade e, no seu caso, da persoa coa que se entendan as actuacións e o carácter co que intervén, xa sexa construtor, propietario, arrendatario ou técnico.
- C) Funcionario que desenvolve a actuación de control e data da súa realización.
- D) Descrición das actuacións desenvolvidas.
- E) Cumprimento ou descrición de incumprimentos da documentación técnica presentada coa comunicación previa ou á que se lle concedeu licenza e das determinacións ou condicións esixidas, no seu caso, na licenza ou nas autorizacións ou informes sectoriais se os houbera.
- F) Descrición das modificacións que, no seu caso, se observen nas obras, instalacións, establecementos e actividades respecto da documentación técnica presentada coa comunicación previa ou na que se baseou a licenza concedida.
- G) Incidencias producidas durante a actuación de control.

ARTIGO 71. ACTUACIÓNS DE COMPROBACIÓN A PEDIMENTO DE PARTE



Concello de Vimianzo

1º.- Sen prexuízo das facultades de control que ten encomendadas o Concello, as persoas interesadas poden solicitarlle a este a realización dunha inspección do establecemento ou actividade para a comprobación da súa adecuación á normativa que lle sexa aplicábel e á comunicación previa ou á licenza de actividade outorgada.

2º.- Presentada a solicitude prevista no apartado anterior, o Concello remitíralle á persoa que o solicitara unha copia da acta de comprobación no prazo máximo de dous meses, dende a data da solicitude. Se na mesma se detectaran incumprimentos ou deficiencias, atenderase ao previsto nos apartados 5º e 6º do artigo 69 desta ordenanza.

TÍTULO V. REPOSICIÓN DA LEGALIDADE E RÉXIME SANCIONADOR

ARTIGO 72. INFRACCIÓN E SANCIÓN

As obras e actividades sometidas, tanto ao réxime de comunicación previa como ao de licenza aplicaráselle as medidas de reposición da legalidade e o réxime sancionador previstos na lexislación urbanística e na Lei 9/2013, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA. MODELOS NORMALIZADOS

Na Sede electrónica municipal publicaranse os correspondentes modelos normalizados, tanto de licenzas como de comunicacións previas e tanto urbanísticas como de actividade. Estes modelos non teñen carácter regulamentario polo que o seu contido poderá ser ampliado, reducido ou modificado.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA. NORMAS DEROGADAS

Cando nesta ordenanza se realicen alusións a normas específicas, entenderase extensiva a referencia ás normas que, por promulgación posterior substitúan ás mencionadas.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA ÚNICA

As persoas promotoras de obras e actividades que iniciaran procedementos para a execución ou exercicio das mesmas con anterioridade á entrada en vigor desta ordenanza poderán desistir da súa solicitude e optar por aplicar a nova normativa, sempre que o manifesten antes da resolución do procedemento. En caso contrario continuarase coa tramitación ao abeiro da normativa que resultase de aplicación.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA ÚNICA

Quedan derogadas todas as disposicións municipais de igual ou inferior rango que se opoñan ao que establece esta ordenanza.

DISPOSICIÓN FINAL ÚNICA

Esta ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia. Esta publicación realizarase unha vez que transcorra o prazo previsto nos artigos 65.2 e 70.2 da Lei 7/1985, reguladora das Bases do réxime local.

Vimianzo, 21 de xullo de 2015

O alcalde

Manuel Antelo Pazos

O alcalde explica que o concello non dispoñía dunha ordenanza que regulara este asunto. Sinala que a Lei 9/2013 introduce o réxime das comunicacións previas para as coñecidas como "obras menores". Na Deputación constituíuse un grupo de traballo formado por persoal de varios

concellos - entre os que estivo a secretaria municipal - e púxose a disposición de tódolos concellos da provincia unha ordenanza tipo.

A Sra. Mouzo Maceiras di que vai votar a favor.

A Sra. Rodríguez Amigo sinala que coñece a ordenanza, pero ten dúbidas respecto da documentación requirida para o cambio de titularidade das licenzas de actividade, e pon como exemplo locais que levan abertos trinta anos e cando hai un traspaso os concellos esixen que se presente unha declaración responsable de que cumpre a normativa, cando en moitos casos nin se permite facer as obras de adaptación necesarias.

O Sr. Rodríguez Blanco di que está dacordo en que se axilicen os expedientes. Pregunta quen vai facer os informes técnicos agora que o arquitecto presentou a baixa.

A concelleira de IxV tamén se mostra encantada coa iniciativa, pero van esixir que se leve á práctica, pois na actualidade hai moitas licenzas pendentes de resolver. Di que está a favor.

O alcalde aclara á oposición que a lei xa se está cumprindo, e tamén os prazos que marca. Sinala que normalmente cando se exceden eses prazos é porque a documentación técnica é deficiente e hai que requirir subsanación. Invita á oposición a comprobar o que está dicindo cando queiran.

Ao concelleiro de TeGa dille que o asunto que se está tratando non é se o arquitecto municipal, recén incorporado, volver a estar de baixa.

Ao respecto das palabras da concelleira do PP, sinala que dan para un debate importante, e preocúpanlle bastante. Mostra a súa preocupación por aqueles negocios non adaptados á normativa actual porque se abriron hai moitos anos. Afirmo que a normativa actual é de obrigado cumprimento, e máis lle preocupa o que poda haber detrás dese discurso, que mete en problemas á xente. Non vale facer unha declaración responsable e non cumprir a lei. Sinala que no concello tómasse coñecemento da transmisións de licenzas.

A Sra. Rodríguez Amigo pide turno de réplica.

O alcalde contesta que a réplica non existe, o que hai son uns turnos para intervir.

Non se producen máis intervencións.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba o ditame da comisión, que se eleva a acordo nos seus propios termos.

5. Requerimento ao Goberno Central de autorización ao concello de Vimianzo para modificar o tipo impositivo do IBI.


Dase conta da proposta da Alcaldía, de data 23 de xullo de 2015, que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamentos, reunida o 28 de xullo de 2015, e que se transcribe literalmente:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: Imposto de Bens Inmóbeis no municipio de Vimianzo.

Estes días a veciñanza do Concello de Vimianzo está recibindo múltiples cartas do Ministerio de Facenda cunha nova valoración catastral dos seus bens inmóbeis, no marco dunha regularización especial en todo o territorio do Estado que se está levando a cabo no período 2013-2016. No caso do noso concello acordase iniciar este proceso mediante a Resolución de 9 de xuño de 2014, da Dirección Xeral do Catastro (BOE nº 145, de 16 de xuño de 2014). Por medio da Resolución de 21 de novembro de 2014, da Dirección Xeral do Catastro ampliase o prazo para levar a cabo esta regulación.

A inmensa maioría destas novas valoracións conteñen erros de vulto no referente ás superficies das edificacións, aos usos das mesmas ou mesmo á titularidade. Isto fai que as veciñas e veciños afectados teñan que afrontar uns gastos extraordinarios na elaboración dos recursos para corrixir



Concello de Vimianzo

os ditos erros xa que teñen que recorrer a profesionais para faceren eles o traballo que o Ministerio de Facenda fixo dunha maneira deficiente. A este gasto hai que engadirle a nova taxa de 60€ pola tramitación do expediente que ingresa directamente a facenda do Estado.

A Xunta de Galicia acaba de publicar no DOG nº 121 do 30 de xuño de 2015 a *ORDE do 29 de xuño de 2015 pola que se aproban os coeficientes aplicables ao valor catastral para estimar o valor real de determinados bens inmobles urbanos para os efectos da liquidación dos feitos impositivos do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados e do imposto sobre sucesións e doazóns, se establecen as regras para a súa aplicación e se publica a metodoloxía seguida para a súa obtención*. O coeficiente aprobado para o concello de Vimianzo é 1, polo que a Xunta de Galicia estima que o valor catastral dos bens inmobles no concello de Vimianzo é igual ao valor de mercado. Polo tanto, os valores catastrais dos bens inmobles no noso concello deben considerarse totalmente actualizados, a non ser que se pretenda establecer un valor de castastro superior ao de mercado, algo que sería totalmente ilegal.

O Real Decreto-Lei 20/2011, de 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público, establece no seu artigo 8 a obrigatoriedade de aplicar un tipo mínimo do 6% no IBI para concellos que como o noso non teñen actualizada a ponencia de valores catastrais. Esta obriga foise mantendo durante este tempo ao través da lei de orzamentos xerais do Estado. O que se pretende con isto é obrigar aos concellos a solicitar unha revisión da ponencia de valores catastrais, que vai supoñer un importante incremento do valor dos bens inmobles. Mais, o goberno municipal considera innecesaria esta revisión á vista de que a Xunta de Galicia entende os actuais valores catastrais acordados ao valor de mercado.

O artigo 74.2 quáter do RDLex. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, recolle unha nova bonificación potestativa, introducida con efectos dende o 1 de xaneiro de 2013, polo apartado catro do artigo 14 da Lei 16/2012, de 27 de decembro, polo que se adoptan diversas medidas tributarias dirixidas á consolidación das finanzas públicas e ao impulso da actividade económica («B.O.E.» 28 decembro), do seguinte tenor:

“2 quáter. Os concellos mediante ordenanza poderán regular unha bonificación de ata o 95 por cento da cota íntegra do imposto a favor de inmobles nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concurrir circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e acordarse, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros.”

No concello de Vimianzo a actividade agro-gandeira ten un peso importante na economía local. Ata o momento actual os inmobles agropecuarios non tributaban, e é intención do goberno municipal manter esa situación como paliativo da situación de crise que está atravesando o sector, como no caso das explotacións lácteas. Tamén pode ser un incentivo para promocionar esta actividade tan singular e de interese público no noso concello.

Por todo o cal esta Alcaldía, previo ditame da Comisión Informativa de Contas, eleva ao Pleno da Corporación a seguinte proposta de acordo:

Primeiro.- Requerir ao Goberno central para que autorice ao Concello de Vimianzo a rebaxar o tipo impositivo do Imposto de Bens Inmobles.

Segundo.- Iniciar os trámites para introducir na ordenanza fiscal reguladora do Imposto de Bens Inmobles a bonificación potestativa do 95% da cota íntegra do imposto prevista no artigo 74.2

quáter do RDLex. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Vimianzo, a 23 de xullo de 2015

O alcalde

Manuel Antelo Pazos”

O alcalde explica que tiveron unha reunión cos veciños o xoves para tratar este tema e foi un éxito. Explica que a regularización estase facendo a nivel estatal, e introduce dúas novidades: incorpora ao padrón os inmobles agropecuarios e cobra taxas de regularización de 60 euros por inmovible. Sinala que os traballos fixéronse de forma moi deficiente, recurrido a fotografías que deron lugar a moitos erros, tanto de superficie como de asignación de titularidades, e parece que os técnicos do Catastro non saben que en Galicia existen os cabanote, porque a todos lle poñen “almacén”. Estas regularizacións deron lugar a unha grande alarma social entre a veciñanza. Por outro lado, explica que son conscientes que en momentos de crise a carga fiscal sobre o cidadán é moi importante. Lembra que dende o ano 2011 a competencia para determinar o tipo impositivo do IBI foi secuestrada polo goberno centrale só se permite cambiar se se pasa polo aro de actualizar a ponencia de valores. Entenden que a actualización supón un perxuízo para os veciños porque aumenta a cota a pagar. Pero hai menos dun mes a Xunta sacou esta orde para determinar o valor dos bens inmobles a efectos da liquidación do Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados. No caso de Vimianzo o valor catastral multiplícase polo coeficiente 1, o que significa que para a Xunta o valor catastral de Vimianzo é igual ao do mercado. En Zas tamén é 1 o coeficiente, pero eles si fixeron unha revisión da ponencia. Queren que para o 2016 nos permitan rebaxar o tipo, pois para o 2015 temos as mans atadadas e ten que ser o 0,6.

Segue explicando o alcalde que a segunda parte da proposta ten que ver co recibo do IBI, coa aprobación dunha modificación potestativa. A partires do 2016 as granxas van pagar IBI, e para evitar no posible eso vaise introducir esa bonificación. Primeiro hai que modificar a ordenanza fiscal e despois cada granxa terá que solicitar a bonificación individualmente.

A concelleira do PSOE di que está dacordo neste punto. Indica que en Vimianzo tocou a lotería: entre a regularización solicitada no 2011 e a suba dos tipos despois, agora as granxas teñen que pagar IBI. Di que a reunión do xoves estivo ben pero foi un tanto electoralista. Se o goberno tiña esa información, pregunta porque non lla trasladaron aos veciños. Pregunta tamén cando se solicitou dende o concello a revisión da ponencia de valores e porque non se baixa o tipo de 0,45 ao 0,40.

A concelleira do PP di que está totalmente a favor da bonificación potestativa. O IBI é un imposto municipal, polo tanto o concello pode solicitar ao Catastro xestionar o padrón. Non é unha competencia de Facenda, como dixo o alcalde. Di que no 2010 Facenda remitiu unha carta ao concello preguntando se querían iniciar a regularización ou non, e o goberno debe explicar se contestou ou non a esa carta. Dille ao alcalde que pode poñer o IBI ao 0,30 e incluso aforar o 5% que cobra a Deputación pola xestión. Sinala que, no caso de que recupere as competencias, o concello pode incluso non cobrar IBI.

O concelleiro de TeGa di que vai apoiar esta proposta, porque se fixeron auténticas barbaridades. Considera que incluso deberían ir máis aló e ampliar as bonificacións aos talleres, por exemplo.

A concelleira de IxV crítica a actitude do goberno, que descarga sempre nos demais. Considera que é unha medida oportunista e que hai tamén outros sectores en crise. Conmina ao goberno a facer números para establecer outras bonificacións potestativas, pois agora é responsabilidade do goberno. Piden, como levan facendo dende o 2012, que se elabore un plan fiscal que beneficie aos veciños.



